



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 465
23 de abril de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [10/PL-000013 (47930)]

[158059](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (48795)]

[158059](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

■ 49104 (10/PNC-003965)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa pena imposta pola Audiencia Provincial da Coruña a un mariñeiro da Confraría de Lira por un incidente cun furtivo no ano 2013

[158068](#)

■ 49109 (10/PNC-003966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e o despedimento de traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

[158071](#)

■ 49120 (10/PNC-003967)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

[158075](#)



I 49126 (10/PNC-003968)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras [158078](#)

I 49133 (10/PNC-003969)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre o incremento polo Goberno galego do número de equipos de valoración da discapacidade, co fin axilizar a súa tramitación e reducir os tempos de espera [158082](#)

I 49142 (10/PNC-003970)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da concesión do indulto a un mariñeiro de Lira condenado por un incidente cun furtivo no ano 2013, así como a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para ese fin [158086](#)

I 49153 (10/PNC-003972)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos [158088](#)

I 49158 (10/PNC-003973)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reducir as listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade [158092](#)

I 49189 (10/PNC-003974)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama [158095](#)

I 49190 (10/PNC-003975)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama [158098](#)

I 49201 (10/PNC-003976)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co asinamento por parte do Sergas dun convenio de colaboración co Concello de Moaña para construír un novo centro de saúde na parcela reservada para ese fin no Plan xeral de ordenación municipal, na zona de Sixalde, así como coa reunión co conselleiro de Sanidade solicitada polo Concello [158101](#)

I 49207 (10/PNC-003977)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas [158105](#)

I 49212 (10/PNC-003978)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta pola Audiencia Provincial da Coruña a un mariñeiro de Lira debido a un incidente cun furtivo no ano 2013 [158109](#)

I 49222 (10/PNC-003980)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar o sector audiovisual [158112](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

I 49138 (10/MOP-000032)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo de 2019 [158117](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.1. Preguntas orais

I 49106 (10/POC-007773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación na que se atopa o Sistema de arquivos da Xunta de Galicia e o grao de desenvolvemento da Lei 7/2014, a elaboración do Plan de arquivos previsto nela, así como a súa opinión en relación co informe elaborado polo Consello da Cultura Galega ao respecto [158198](#)



I 49110 (10/POC-007774)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos [158202](#)

I 49130 (10/POC-007775)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras [158205](#)

I 49136 (10/POC-007776)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da demora que presenta a valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra [158209](#)

I 49156 (10/POC-007777)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos [158213](#)

I 49159 (10/POC-007778)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade [158217](#)

I 49182 (10/POC-007779)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das reformas da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019 [158220](#)

I 49186 (10/POC-007780)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano [158222](#)

I 49192 (10/POC-007781)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama, así como a posibilidade de catalogar como árbores senlleiras algunhas das especies existentes no predio [158224](#)

I 49193 (10/POC-007782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama, así como a posibilidade de catalogar como árbores senlleiras algunhas das especies existentes no predio [158227](#)

I 49205 (10/POC-007783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da xestión que está a levar a cabo o Sergas en relación coa construción do centro de saúde de Moaña [158230](#)

I 49210 (10/POC-007784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as supostas irregularidades que se están a cometer no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos [158235](#)

I 49220 (10/POC-007785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Axencia Galega das Industrias Culturais en relación co impulso do sector audiovisual e o prazo previsto para a publicación das súas liñas estratéxicas [158239](#)

I 49225 (10/POC-007786)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación coa programación de cine galego e co impulso do talento das novas xeracións, así como as súas razóns para non chegar a acordos coa Axencia Galega das Industrias Culturais para programar as producións subvencionadas pola Axencia [158244](#)

I 31242 (10/IN9-000335) (10/POC-007804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre copia do informe da consultora HINTD relativo á necesidade de reorganización dos recursos e de redución da dimensión do cadro de persoal da antiga Sogarisa [158248](#)



I 42066 (10/IN9-000624) (10/POC-007805)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre o expediente completo, incluídas as alegacións, do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestres Illas Atlánticas [158250](#)

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito**I 49128 (10/PRE-014834)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras [158252](#)

I 49135 (10/PRE-014835)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da demora que presenta a valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra [158256](#)

I 49155 (10/PRE-014836)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos [158260](#)

I 49163 (10/PRE-014837)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade [158264](#)

I 49183 (10/PRE-014838)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das reformas da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019 [158267](#)

I 49187 (10/PRE-014839)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano [158269](#)



I 49194 (10/PRE-014840)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama, así como a posibilidade de catalogar como árbores senlleiras algunhas das especies existentes no predio

[158271](#)**I 49204 (10/PRE-014841)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns da xestión que está a levar a cabo o Sergas en relación coa construción do centro de saúde de Moaña

[158274](#)**I 49209 (10/PRE-014842)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as supostas irregularidades existentes no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos

[158279](#)**I 49219 (10/PRE-014843)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Axencia Galega das Industrias Culturais en relación co impulso do sector audiovisual e o prazo previsto para a publicación das súas liñas estratéxicas

[158283](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [10/PL-000013 (47930)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 49271, o escrito do G.P. dos Socialistas de Galicia polo que se solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [10/PL-000013 (47930)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, logo do acordo da Xunta de Portavoces na reunión do 23 de abril de 2019, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, ata o día 27 de abril de 2019, ás 13:00 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento do 23 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (48795)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 49278, o escrito do G.P. de En Marea polo que se solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia [10/PL-000014 (48795)].

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, logo do acordo da Xunta de Portavoces na reunión do 23 de abril de 2019, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia, ata o día 10 de maio de 2019, ás 18:30 horas.



2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 49104 (10/PNC-003965)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa pena imposta pola Audiencia Provincial da Coruña a un mariñeiro da Confraría de Lira por un incidente cun furtivo no ano 2013

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49109 (10/PNC-003966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e o despedimento de traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49120 (10/PNC-003967)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49126 (10/PNC-003968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 49133 (10/PNC-003969)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego do número de equipos de valoración da discapacidade, co fin axilizar a súa tramitación e reducir os tempos de espera

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49142 (10/PNC-003970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da concesión do indulto a un mariñeiro de Lira condenado por un incidente cun furtivo no ano 2013, así como a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para ese fin

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 49153 (10/PNC-003972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 49158 (10/PNC-003973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reducir as listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49189 (10/PNC-003974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49190 (10/PNC-003975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 49201 (10/PNC-003976)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co asinamento por parte do Sergas dun convenio de colaboración co Concello de Moaña para construír un novo centro de saúde na parcela reservada para ese fin no Plan xeral de ordenación municipal, na zona de Sixalde, así como coa reunión co conselleiro de Sanidade solicitada polo Concello

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49207 (10/PNC-003977)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49212 (10/PNC-003978)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta pola Audiencia Provincial da Coruña a un mariñeiro de Lira debido a un incidente cun furtivo no ano 2013

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49222 (10/PNC-003980)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar o sector audiovisual

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

Admisión a trámite , traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación.

- 49138 (10/MOP-000032)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo de 2019

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Admisión a trámite, traslado á Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e publicación



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 49106 (10/POC-007773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación na que se atopa o Sistema de arquivos da Xunta de Galicia e o grao de desenvolvemento da Lei 7/2014, a elaboración do Plan de arquivos previsto nela, así como a súa opinión en relación co informe elaborado polo Consello da Cultura Galega ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49110 (10/POC-007774)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores da empresa Transportes Pacholo, S.L., subcontratada para a prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49130 (10/POC-007775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 49136 (10/POC-007776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da demora que presenta a valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49156 (10/POC-007777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 49159 (10/POC-007778)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis



Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49182 (10/POC-007779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das reformas da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 49186 (10/POC-007780)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49192 (10/POC-007781)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama, así como a posibilidade de catalogar como árbores senlleiras algunhas das especies existentes no predio

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49193 (10/POC-007782)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama, así como a posibilidade de catalogar como árbores senlleiras algunhas das especies existentes no predio

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49205 (10/POC-007783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da xestión que está a levar a cabo o Sergas en relación coa construción do centro de saúde de Moaña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49210 (10/POC-007784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis



Sobre as supostas irregularidades que se están a cometer no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49220 (10/POC-007785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Axencia Galega das Industrias Culturais en relación co impulso do sector audiovisual e o prazo previsto para a publicación das súas liñas estratégicas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49225 (10/POC-007786)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación coa programación de cine galego e co impulso do talento das novas xeracións, así como as súas razóns para non chegar a acordos coa Axencia Galega das Industrias Culturais para programar as producións subvencionadas pola Axencia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Solicitudes de información reconvertidas en preguntas orais en comisión (artigo 9.2 bis do Regulamento de Parlamento de Galicia)

Admisión da solicitude de reconversión, asignación a comisión e publicación

- 31242 (10/IN9-000335) (10/POC-007804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre copia do informe da consultora HINTD relativo á necesidade de reorganización dos recursos e de redución da dimensión do cadro de persoal da antiga Sogarisa

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 42066 (10/IN9-000624) (10/POC-007805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre o expediente completo, incluídas as alegacións, do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestres Illas Atlánticas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite

- 49128 (10/PRE-014834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras

- 49135 (10/PRE-014835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da demora que presenta a valoración da discapacidade na provincia de Pontevedra

- 49155 (10/PRE-014836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a prohibición de bandeiras e doutros símbolos políticos nos estadios deportivos

- 49163 (10/PRE-014837)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade

- 49183 (10/PRE-014838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das reformas da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019

- 49187 (10/PRE-014839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano

- 49194 (10/PRE-014840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a información e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do estado de degradación en que se atopa o complexo das colonias escolares de Covelo, no concello da Lama, así como a posibilidade de catalogar como árbores senlleiras algunhas das especies existentes no predio



- 49204 (10/PRE-014841)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da xestión que está a levar a cabo o Sergas en relación coa construción do centro de saúde de Moaña

- 49209 (10/PRE-014842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as supostas irregularidades existentes no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos

- 49219 (10/PRE-014843)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Axencia Galega das Industrias Culturais en relación co impulso do sector audiovisual e o prazo previsto para a publicación das súas liñas estratéxicas

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **Soraya Salorio Porral, Aurelio Núñez Centeno, Teresa Egerique Mosquera, Daniel Vega Pérez, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Os Grupos Parlamentarios, a través da Federación Provincial de Confrarías da Coruña, somos coñecedores da situación que se xerou co ex-presidente dos percebeiros de Lira, logo do recente fallo da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, que o condena a tres anos de prisión por agredir a un furtivo no ano 2013.

Ante a solicitude da devandita Federación de conseguir unha iniciativa conxunta de todos os grupos ao respecto, o Grupo Popular intentou conseguir esa sinatura conxunta. Ante a imposibilidade de facelo pola negativa de algúns grupos, vémonos na obriga de presentala en solitario.

A Federación Provincial de Confrarías da Coruña mostrou o seu apoio a este mariñeiro da Confraría de Lira, quen tamén se reuniu en sesión extraordinaria para afirmar a súa solidariedade con este membro do pósito.

Entendemos, coma o fan os representantes da Confraría de Lira, que se trata dunha condena severa, á vez que nos sumamos ao agradecemento feito por eles pola súa dedicación e preocupación polo bo funcionamento desta entidade.

Sabemos que o acusado foi condenado por un delito de lesións cometidas cun medio perigoso, co concurso da circunstancia agravante de *aleivosía* e da circunstancia atenuante de reparación do dano. A maiores, o condenado tivo que indemnizar ao agredido, que lembremos que se trataba dun furtivo, coa cantidade de 7.200 euros.

Tras coñecer a ratificación por parte do Tribunal Supremo da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, a defensa xurídica do procesado ten solicitado a posibilidade dunha concesión discrecional de indulto total ou subsidiariamente parcial á pena que lle foi imposta.



O indulto constituiría unha medida de gracia no que o seu fundamento estriba na dureza que algunhas veces supón a aplicación legal da pena imposta.

Estas ocasións teñen lugar cando concorren razóns humanitarias, de rehabilitación ou de equidade, con suficiente entidade para que o Estado poida renunciar ao exercicio do poder punitivo por entender que será máis prexudicial que beneficioso para o reo e a sociedade.

Tendo en conta a casuística particular deste suceso, acontecido en 2013, no que as situación de descontrol do furtivismo poden provocar lamentables episodios como o descrito, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

“1. Apoie o requirimento de conmutación da pena e demande ao Goberno central o outorgamento de indulto para D. Manuel Martínez Lustres, ou cando menos que lle exima de entrar en prisión.

2. Unha vez acadada a tipificación como delito de condutas relacionadas co furtivismo, plasmado na reforma do artigo 335 do Código Penal, instar ao goberno Central que aplique con maior rigorosidade a norma, que impida que se dean casos graves de furtivismo e frean a posibilidade de que xurdan situacións como a vivida en Lira.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 11/04/2019 19:22:26

María Soraya Salorio Porral na data 11/04/2019 19:22:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 11/04/2019 19:22:41

Teresa Egerique Mosquera na data 11/04/2019 19:22:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Daniel Vega Pérez na data 11/04/2019 19:23:13

María Ángeles Garcia Míguez na data 11/04/2019 19:23:24

Martín Fernández Prado na data 11/04/2019 19:23:30

Alberto Pazos Couñago na data 11/04/2019 19:23:53

Marta Rodriguez Arias na data 11/04/2019 19:24:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás accións que son precisas acometer para mellorar as condicións laborais e evitar o despido de traballadores/as da empresa concesionaria da recollida de residuos urbanos de SOGAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), ten concesionado o transporte de residuos urbanos a unha UTE formada por COPASA-RENFE-LOGIRAIL nun contrato público por unha cantidade de 140 millóns de euros.

Esta UTE procedeu a realizar unha subcontrata do servizo coa empresa Transportes Pacholo SL. Desde o primeiro momento produciuse tensión e desacordo nas condicións laborais xa que a nova concesionaria ofrece aplicar un convenio propio cunhas condicións inferiores á concesionaria anterior, cunhas condicións laborais que representan unha baixada de arredor do 40% e non querendo ofrecer garantías de contratación ao conxunto do cadro de persoal.

As condicións e relacións laborais foron desde o primeiro momento penosas, recibindo os traballadores presións para incumprir horarios, normas máis básicas de seguridade e saúde no traballo e do medio ambiente, todo no obxectivo de desregular por completo as relacións laborais e abaratar así o custo do servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras un laudo arbitral, que ditaminou a existencia de subrogación, nos últimos meses estes traballadores conseguiron mellorar as súas condicións laborais, mais non así a dos demais traballadores que foran contratados directamente por Transportes Pacholo.

O persoal de Transportes Pacholo leva meses denunciando o acoso laboral ao que é sometido pola empresa, as penosas condicións laborais e a esixencia das mesmas condicións para o conxunto do cadro de persoal. Neste contexto de denuncia da situación, como medida exemplarizante, a empresa procede a despedir a oito traballadores. Isto prodúcese mentres a UTE concesionaria subcontrata a outras empresas, sen experiencia no transporte de residuos sólidos urbanos, para facer o traballo das persoas despedidas.

Diante desta situación os traballadores da empresa Transportes Pacholo SL, teñen convocado unha folga indefinida que se desenvolverá a partir do vindeiro día 15 de abril. Unha folga coa que se pretende denunciar a situación, demandar a readmisión de todos os traballadores, a fin das represalias e unhas condicións laborais dignas e iguais para todo o cadro de persoal.

O Bloque Nacionalista Galego considera inaceptábel que unha empresa pública avale unha actuación que supón unha agresión @s traballadores/as con un claro deterioro das súas condicións laborais, por isto presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a realizar todas as actuacións precisas para rematar coa situación de vulneración dos dereitos laborais na empresa Transportes Pacholo SL e demandar a readmisión dos oito traballadores despedidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comparecencia no Parlamento, na Comisión 5ª de Sanidade, política social e emprego do Presidente de Sogama

- Abrir unha investigación sobre a denuncia dos problemas de saúde laboral que se están a producir que supoñen risco para os traballadores e para a poboación en xeral.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 11:22:23

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 11:22:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 11:22:29

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 11:22:31

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 11:22:32

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 11:22:34



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas coñecíamos a ordenación dunha nova Instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada (IM/1/2019) desde a Subdirección Xeral de Sanidade Exterior. Unha medida que provocou a paralización de contedores e o seu desvío a Portugal, reactivando a fuga de mercancías do porto de Vigo ao de Leixões.

O motivo é que esta Instrución impón máis trabas administrativas ás importacións de produto desde terceiros países e, en concreto, desde China, xa que recolle que o 100% das súas partidas terán que pasar por un proceso de verificación, no que se exixirá aos operadores que aporten unha copia dos certificados de captura para avalar que o peixe foi conxelado, procesado ou transportado a bordo de buques autorizados pola UE.

A comezos do mes de abril, os inspectores do Posto de Inspección Fronterizo de Vigo citáronse cunha ampla representación do sector para aclarar dúbidas sobre a Instrución. Neste encontro descubriron algunhas limitacións técnicas á hora de expedir os certificados sanitarios por parte dos terceiros países; motivación que levou á Subdirección a anular a IM/1/2019 e a substituíla pola IM/2/2019 nun breve prazo, sen informar como corresponde ao sector.

Con esta modificación, os buques, plantas procesadoras ou almacenes frigoríficos que traballen co produto importado deberán figurar na lista de establecementos autorizados a exportar os seus produtos á UE e que no caso de que só figure a autorización da planta ou establecemento de expedición no TRACES, os inspectores deberán solicitar ao interesado unha copia dos certificados de captura.

Desde este grupo parlamentario entendemos que a aplicación desta Instrución crea inseguridade xurídica, xa que instaura en España un rigor sen garantía de que, noutros países (como Portugal) resulte a mesma aplicación, xa que, polo momento, estes non requiriron aos seus postos de inspección transfronteriza un cumprimento tan estrito como o fai España.



Danos a sensación, e non é a primeira vez, que o goberno de Pedro Sánchez non coñece a realidade do noso sector, que goberna dándolle as costas ou, canto menos, non lle interesa. Ignora, por tanto, os prexuízos que a aplicación desta Instrución lle causa. Unha cuestión fundamentada na propia reacción do sector a esta medida, quen a criticou con dureza, anunciou que eximirá dimisións, mostrou a súa desconformidade ante a eliminación do período transitorio de aplicación, non descartando tomar medidas.

Dende logo, este grupo parlamentario, igual que o propio sector, non entende a aplicación dunha Instrución que nos resta competitividade ante outros Estados Membros da UE. É por iso que nos sumamos ao que a Xunta de Galicia ten manifestado: a necesidade de garantir ao máximo o principio de seguridade xurídica, de maneira que o sector non quede á libre disposición dos aleatorios cambios de criterio que poidan producirse, senón que, desde o primeiro momento, teñan un escenario claro e preciso no que desenvolver a súa actividade, en liña co marco establecido para todos os Estados Membros da UE.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a adopción de medidas efectivas para evitar restar competitividade ao sector galego e impedir o impacto negativo que a aplicación da instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada (IM/1/2019) suporía para o porto de Vigo”.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2019 12:55:08

Teresa Egerique Mosquera na data 12/04/2019 12:55:23

María Ángeles García Míguez na data 12/04/2019 12:55:36

Alberto Pazos Couñago na data 12/04/2019 12:55:48

Martín Fernández Prado na data 12/04/2019 12:55:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jaime Castiñeira Broz na data 12/04/2019 12:56:14

Marta Rodriguez Arias na data 12/04/2019 12:56:24

María Soraya Salorio Porral na data 12/04/2019 12:56:41

Daniel Vega Pérez na data 12/04/2019 12:56:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras para Salamanca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dunha serie de inquiredanzas relativas á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, acontecementos diante dos que urxe tomar posición.

Na segunda semana de abril coñeceuse que Iberdrola quere pechar o seu centro de control da Rúa, trasladando esas tarefas e responsabilidades a Salamanca, algo que a empresa cualifica de “reorganización” malia supoñer a destrución de 16 postos de traballo nunha parte do país que ten importantes problemas de despoboamento e desemprego.

Esta situación é inaceptable se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.

Así mesmo, cómpre recordar que Iberdrola superou no ano 2018 por primeira vez os 3.000 millóns de euros de beneficio neto, cun crecemento do 7,5% no 2018 polo que non tería dificultades económicas que impedirán manter as oficinas na rúa.

Desde o Concello da Rúa consideran que se trata de deslocalización de Iberdrola no seu concello en primeiro lugar e da comarca de Valdeorras, en segundo lugar, e os grupos de BNG e PSOE presentaron unha moción conxunta. Así mesmo, tamén o concello de Petín se manifestou como contrario e preocupado por estes feitos. É preciso que esa preocupación e compromiso impliquen tamén á Xunta de Galiza.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Expresar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galiza como compensación do impacto social que ten a produción enerxética no noso país.

2. Manter o diálogo e colaboración cos Concellos da Rúa e de Petín e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:20:07

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:20:25





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:20:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:20:28

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:20:30

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:20:32





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Equipos de Valoración e Orientación da Discapacidade (EVO) de Galicia trasladáronlle á Consellaría de Política social un conxunto de demandas para mellorar o funcionamento dun servizo que acumula retrasos que teñen consecuencias dramáticas para as persoas que dependen dos informes de valoración da discapacidade, sobre todo naqueles casos que non teñen prioridade na tramitación.

As profesionais dos equipos de valoración e orientación da discapacidade veñen reclamando desde fai tempo a ampliación do número dos equipos naquelas provincias que sexa necesario por ter unha infraestrutura insuficiente e non chegar os equipos actuais para a demanda existente. É o caso da provincia de Pontevedra, principalmente na zona norte, onde se vén producindo desde o ano 2010 unha acumulación de expedientes que deu lugar a retrasos de ata tres anos na tramitación.

Desde o ano 2012, a administración estableceu medidas parciais como horas extras do persoal e contratación de equipos de reforzo por acumulo de tarefas que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ben conseguiron reducir a agarda, non resolveron o problema de fondo que é de carácter estrutural: a insuficiencia dos equipos estábeis para dar resposta ao elevado número de solicitudes que teñen que atender.

Así acontece cos equipos da zona norte de Pontevedra, que é a que ten maior retraso na tramitación de toda Galiza. Se ben a contratación durante 9 meses de 6 equipos de reforzo permitiu reducir as listaxes de agarda de 3 a 2 anos, o problema estrutural segue ser resolver porque unha vez que remataron estes contratos volve de novo a xerarse retraso e incrementarse o tempo de tramitación.

Estamos diante dun problema crónico que non se vai resolver definitivamente mentres non se creen equipos estábeis dotados de profesionais de medicina, psicoloxía e traballo social.

Cómpre ter en conta que non se trata só dunha demanda laboral das persoas que configuran os actuais equipos, que loxicamente queren facer o seu traballo en condicións dignas e en tempos de tramitación razoábeis. Estamos sobre todo diante dun problema social, pola perda de dereitos económicos e sociais que conleva o retraso na tramitación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a incrementar o número de equipos de valoración da discapacidade co obxecto de axilizar a tramitación e reducir os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempos de agarda, que no caso da zona norte da provincia de Pontevedra chegan a 2 anos.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:40:54

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:40:59

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:41:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:41:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:41:03

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:41:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **M^a Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo e Patricia Otero Rodríguez** e dos seu deputado **José Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

O TSXG ratificou a condena da Audiencia Provincial a 3 anos de cadea a Manuel Antonio Martínez Lustres, expresidente dos percebeiros de Lira, por agresión a un furtivo no ano 2013, tras 6 longos anos de litixio.

Este feito, golpea a unha familia traballadora, e fixo que a sociedade de Carnota se mobilizara, levando a cabo a recollida de máis de 2.000 sinatura.

Os feitos aconteceron no ano 2013, cando o agredido, que operaba como furtivo na Reserva Mariña dos Miñarzos, aproveitaba que esta era unicamente vixiada polos profesionais da zona. Xerouse deste xeito unha situación complicada, que durou varios días, e que rematou finalmente coa agresión do condenado, quen sentíndose ameazado lanzoulle a raspeta ao furtivo provocándolle feridas.

A defensa xurídica do procesado ten solicitado a posibilidade dunha concesión discrecional de indulto total ou subsidiariamente parcial á pena que lle foi imposta, tras a ratificación por parte do Tribunal Supremo da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña. Xa que concorren razóns humanitarias, de rehabilitación ou de equidade, con suficiente entidade para que o Estado poida renunciar ao exercicio do poder punitivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:





O Parlamento de Galicia declárase a favor de que o Consello de Ministros conceda o indulto para Manuel Antonio Martínez Lustre, e insta a Xunta de Galicia a realizar as acción pertinentes ante o Goberno do Estado para poder logralo.

Parlamento de Galicia, 12 de abril de 2019

Asdo.: M^a Dolores Toja Suárez,
Patricia Vilán Lorenzo
Patricia Otero Rodríguez
José Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/04/2019 17:56:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/04/2019 17:57:14

Patricia Otero Rodríguez na data 12/04/2019 17:57:26

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/04/2019 17:57:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2019 17:57:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á requisa de bandeiras galegas nos estadios de fútbol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira reiterada véñense producindo requisas nos estadios de bandeiras galegas estreleiras e outros símbolos de identificación política. De todos xeitos, non hai unha actuación uniforme nin por parte das autoridades de interior nin por parte dos clubs e así nuns estadios permítese a exhibición destes símbolos e noutros prohibítese drasticamente.

Un bo exemplo deste contraste de criterios é o que acontece nos estadios de Balaídos e Pasarón. Así, mentres a afección do Celta pode exhibir libremente bandeiras e outros símbolos de identidade, no caso do Pontevedra existe unha prohibición expresa por parte da dirección do clube, que se traduce na requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos. Neste sentido, nas últimas tempadas tramitáronse cando menos dous expedientes sancionadores con multas de 300 e 500 euros, xunto coa prohibición de entrada ao estadio.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG, estamos diante dunha actitude represora que na práctica supón un atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun estado que se di democrático. E o que é mais grave, estamos diante dun burdo intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do pluralismo político, ao establecerse una relación perversa entre a exhibición destes símbolos e a incitación á violencia.

Invócase para a requisa e prohibición destes símbolos a Lei 19/2007 de 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Concretamente faise referencia ao artigo 2, que tipifica como actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte, entre outras, as seguintes:

“A exhibición nos recintos deportivos, nos seus aledaños ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, dalgunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo”.

Asemade, o artigo 6 prohibe exhibir bandeiras e outras enseñas “que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual”.

Parece claro que na forma de proceder do Pontevedra CF e da seguridade do estadio de Pasarón empréganse criterios arbitrarios e inmotivados baixo escusa dunha suposta seguridade. Un xeito de proceder que leva a prohibir de xeito preventivo as





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bandeiras estreleiras e a estigmatizar e criminalizar as ideas que se expresan por medio deste símbolo.

Con respecto a esta cuestión, cabe sinalar que existen sentenzas xudiciais que conclúen que prohibir bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de expresión, polo que as autoridades deben evitar a inclusión da exhibición deste tipo de símbolos entre os actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego aproba como resolución:

Condenar a prohibición preventiva, arbitraria e inmotivada das bandeiras estreleiras e outros símbolos identitarios galegos nos estadios deportivos, así como denunciar a estigmatización das ideas pacíficas e democráticas que se expresan por medio deses símbolos.”

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/04/2019 13:17:50

María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2019 13:17:55

Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2019 13:17:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/04/2019 13:17:58

Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2019 13:18:00

Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2019 13:18:01



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Exposición de motivos:

Os equipos de valoración e orientación (EVO) son os encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten.

Estes equipos multidisciplinares, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, conformados por persoal médico, de psicoloxía e de traballo social, levan tempo reclamando a necesidade de incrementar o número destes polo longo tempo de espera que existe nestes momentos.

A situación da provincia de Pontevedra é especialmente grave, tendo, aínda agora, unha media de agarda de dous anos, e chegando a ser de ata tres anos noutros momentos, cando o razoable sería que seis meses fora o máximo que tivera que esperar unha persoa.

Estamos ante unha problemática estrutural causada pola falta de persoal, polo que faise evidente a necesidade de incrementar estes equipos de maneira estable, a maiores de cubrir as baixas que se produzan nos equipos para que estes non queden con menos traballadoras e traballadores.





Tras as reclamacións efectuadas noutros momentos polo persoal, onde as solicitudes de valoración da discapacidade tiñan esta enorme lista de agarda, a Xunta de Galicia puxo parches para mellorar a situación, pero non mudou a súa política de fondo.

Constituíu novos equipos con persoal contratado por acumulo de tarefas, ou estableceu a posibilidade da realización de horas extras por parte do persoal, pero non tomou nin unha soa medida para pórlle solución o problema a medio prazo.

Agora mesmo, o rematar estes equipos contratados por acumulación de tarefas volven a ser dous os equipos completos de valoración de Pontevedra e un máis conformado por persoal médico e de traballo social, o que fai prever un novo incremento nos tempos de agarda.

Ante a evidencia de que os equipos actuais non son suficientes o que compre é tomar medidas para solucionar o problema de raíz, non continuar a colocar medidas parciais, como son os reforzos temporais, que se demostran totalmente insuficientes e non resoven a situación.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a reforzar o número de equipos de valoración e orientación para reducir as listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade e comprométese a cubrir as baixas que se produzan do persoal.
Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Paula Vázquez Verao



Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputadas, deputado e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 15/04/2019 13:25:54

Paula Vázquez Verao na data 15/04/2019 13:26:03

Marcos Cal Ogando na data 15/04/2019 13:26:07

Luis Villares Naveira na data 15/04/2019 13:26:20



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Rosalía Crego Navarro, na súa obra “Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)” concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (...) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuíto, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado “Florestas” en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da “Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo”, fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, a:

1. Participar nunha mesa de diálogo, xunto con outras administracións e colectivos interesados, para rehabilitar o complexo e manter o obxectivo orixinario de destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental das mesmas.
2. Catalogar as especies arbóreas da finca de máis de 40.000 metros cadrados que envolven os edificios das Colonias e protexelas, de ser o caso.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 10:46:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/04/2019 10:46:09





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/04/2019 10:46:15

María Luisa Pierres López na data 16/04/2019 10:46:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/04/2019 10:46:24



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Rosalía Crego Navarro, na súa obra “Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)” concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (...) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuíto, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado “Florestas” en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da “Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo”, fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, a:

1. Participar nunha mesa de diálogo, xunto con outras administracións e colectivos interesados, para rehabilitar o complexo e manter o obxectivo orixinario de destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental das mesmas.
2. Catalogar as especies arbóreas da finca de máis de 40.000 metros cadrados que envolven os edificios das Colonias e protexelas, de ser o caso.

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 10:46:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/04/2019 10:46:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/04/2019 10:46:46





María Luisa Pierres López na data 16/04/2019 10:46:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/04/2019 10:46:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que o Sergas deixe de practicar o obstrucionismo co concello de Moaña e proceda de inmediato a construír o centro de saúde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Moaña, con arredor de vinte mil habitantes, non dispón dun centro de saúde do Sergas, a atención sanitaria recíbena nun Centro Social do Mar, que foi adaptado para permitir a prestación sanitaria. Por iso levan anos demandando a construción dun centro de saúde que responda ás necesidades de asistencia sanitaria de calidade.

No 2011, cun Goberno do PP no concello, realizouse unha modificación parcial do PXOM onde se estableceu unha parcela de 2066 metros cadrados na zona de Sisalde para cubrir co que se precisaba de dotación sanitaria . En 2017 puxo en coñecemento da Consellería de Sanidade que ían poñer a disposición esta parcela para a construción do centro de saúde.

Unha parcela de 2066 m2 completamente edificábeis, con certificación urbanística que avala que permite unha edificabilidade de 7.750,76 m2. O concello púxose a traballar nos trámites urbanísticos, para urbanizar a zona e permitir poñer a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parcela a disposición da Xunta canto antes. Xa ten asinado un acordo coas persoas propietarias de Sisalde onde existe solo reservado para dotación sanitaria, segundo a ficha incluída no PXOM, e ten reservado no orzamento unha partida de 300.000 euros para proceder á construción da rúa para dar acceso á parcela.

A partir de aí empezan a xurdir os problemas por parte da Consellaría de Sanidade. A Directora de Recursos Económicos do SERGAS o 27 de marzo, remite escrito ao concello comunicando que a parcela proposta polo concello para construír o centro de saúde non é considerada axeitada. Reclama unha parcela de 3100 metros cadrados, baixo a xustificación de que o tamaño da mesma é “clave para non hipotecar o futuro do Centro de Saúde” e que “a tendencia xeral, é a de tentar realizar os Centros de Saúde de forma ideal nas menos plantas posibles, ou integramente en planta baixa”.

Chama poderosamente a atención esta posición por parte do Sergas, toda vez que en agosto de 2018 tiña comunicado que a previsión era construír un edificio de 1500 m2 por planta, e que a parcela de Moaña é a mesma que figura na aprobación parcial del PXOM de 2011 para dotación sanitaria, e a que plantexou naquela altura alcalde do Partido Popular José Fervenza, e a que nunca se lle puxera ningún problema.

Do mesmo xeito sorprende a referencia ao “Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña”, xa que a vinculación ao mesmo é rexeitado tanto polo Concello de Moaña como pola veciñanza, xa que conlevaría perda de servizos básicos coma o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde.

Todo indica que estamos diante dunha política de sectarismo contra un concello polo feito de non estar gobernado polo Partido Popular, dunha manobra de dilación e obstrución por parte do Sergas para non dotar @s veciñ@s de Moaña do centro de saúde que precisan para poder recibir unha asistencia sanitaria de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Esixir ao SERGAS que procesa a asinar un convenio co concello de Moaña que recolla a construción dun novo centro de saúde na parcela reservada no PXOM na zona de Sixalde de 2.066,87 m2, e que polos parámetros urbanísticos vixentes permite unha edificabilidade de 7.750,76 m2 segundo certifica o Arquitecto Municipal.

2. Requirir ao SERGAS a eliminación do texto do convenio de calquera vinculación co “Estudio de necesidades sanitarias de Cangas e Moaña”, pola implicación que conlevaría de perda de servizos básicos coma o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde.

3. Conceder a reunión urxente solicitada polo concello de Moaña co Conselleiro de Sanidade, na que poidan participar as persoas representantes das entidades membros da Mesa Local da Sanidade do Concello de Moaña, co obxecto de aclarar e resolver a situación actual, dada a necesidade de construción dun centro de saúde na nosa vila.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2019 11:10:38

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2019 11:10:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/04/2019 11:10:45

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2019 11:10:47

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2019 11:10:48

Xosé Luis Bará Torres na data 16/04/2019 11:10:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Somozas é un concello do norte do País que dende hai tempo acumula en si unha boa parte dos refugallos de toda Galicia. Sologás, Sogarisa e Xiloga son tres das empresas de xestión de residuos instaladas neste concello e a plena actividade.

A economía circular e a bioeconomía son conceptos cada vez máis actuais pola necesidade social e tamén cada vez máis manidos e deturpados pola figuración política. Con todo a xestión de residuos, a súa efectividade e a reciclaxe é un tema que preocupa á poboación en xeral e en particular ós afectados dalgún xeito e con toda seguridade será tema central nun futuro moi próximo.

No concello das Somozas, dependendo de onde veña o aire o cheiro é insoportable. É posiblemente un cheiro infecto procedente da manipulación de lamas de depuración.

Este cheiro que aparentemente é o que máis molestias produce na poboación, é sen lugar a dúbidas o menos grave, porque os lixiviados baixan ladeira abaixo desde instalacións do Polígono industrial ata parar no río Mera, alá no fondo do val.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Periodicamente prodúcense incendios no vaso do vertedoiro algúns coma o de días pasados cunha columna de fume que se vía desde lonxe e que era insoportable. Este feito que nos atrevemos a dicir que non é fortuíto axuda a diminuír volumes e darlle máis capacidade ó vaso.

Pero a utilización sen control de lodos teoricamente estabilizados e tratados en parcelas agrícolas e a contaminación de acuíferos están presentes no temor de sectores da poboación deste concello.

O tema non é novo, anos atrás, no 2011 e no 2013 xa houbo denuncias pola indebida utilización dos chamados tecnosolos en parcelas agrícolas ou gandeiras a xeito de fertilizantes con resultados inquietantes nos solos agrarios e nos acuíferos.

É público que produtos coma o digestato e outros tipos, tecnosolos incluídos, están sendo utilizados en cultivos sen análíticas previas dos mesmos nin dos solos onde se van utilizar, tal e como marca a lei.

Dito todo isto, queda en evidencia que o concello das Somozas é un claro exemplo do que non se debe facer en materia de xestión de residuos pola concentración dos mesmos e polas irregularidades que nesta xestión se observan desde hai tempo sen que a Consellería e organismos pertinentes tomen cartas no asunto facendo coma que fan e ollando para outro lado.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Que faga as inspeccións e controis que estime oportunos nas industrias xestoras de residuos, nas inmediacións das mesmas polos lixiviados e nos lugares e parcelas onde se estivo e se están utilizando lamas coma fertilizantes para preservar a saúde da poboación e o normal estado de solos e acuíferos, no concello de As Somozas.

--Que estableza protocolos de analíticas e controis nos produtos fertilizantes de uso agrícola derivados das lamas de depuración para que se manteñan sempre por baixo dos parámetros esixidos pola legalidade vixente e a integridade dos solos agrícolas.”

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/04/2019 11:28:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2019 11:28:11

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2019 11:28:12

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2019 11:28:14

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2019 11:28:15

Xosé Luis Bará Torres na data 16/04/2019 11:28:17



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo e Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**.

Exposición de motivos

O recente fallo da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña condena a tres anos de cadea a Manuel Antonio Martínez Lustres, expresidente dos percebeiros de Lira, por agresión a un furtivo no ano 2013, co concurso da circunstancia agravante de aleivosía e da circunstancia atenuante de reparación do dano.

Tras coñecer a ratificación por parte do Tribunal Supremo da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, a defensa xurídica do procesado ten solicitado a posibilidade dunha concesión discrecional de indulto total ou subsidiariamente parcial á pena que lle foi imposta.

Hai que ter en conta que neste caso o inculpado xa indemnizou o furtivo cunha cantidade de 7.200 euros.

Esta é unha condena severa, e así o entenden tanto a Federación Provincial de Confrarías da Coruña como a veciñanza de Carnota que se están mobilizando para solicitar o indulto deste mariñeiro.

Temos que facer unha valoración negativa dun factor que, sen dúbida, interferiu no incidente: o feito de que sexan os propios percebeiros os que teñan que





realizar labores de vixilancia do furtivismo pon de manifesto a deixación de funcións que a propia administración realiza nesta materia.

Compre realizar unha reflexión sobre as medidas a adoptar para que sucesos como este non se volvan repetir.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o outorgamento de indulto para Manuel Antonio Martínez Lustre ou, cando menos, se lle exima de entrar na cadea.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/04/2019 11:36:25

Flora María Miranda Pena na data 16/04/2019 11:36:36

Luis Villares Naveira na data 16/04/2019 11:36:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ao potenciamento do noso sector audiovisual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso audiovisual, sen dúbida un dos sectores estratéxicos máis importantes da cultura galega, hai por primeira vez catro xeracións distintas en activo traballando. Ou cando menos, hai xente que leva creando corenta anos xa que comezaron a súa andaina nos oitenta.

O sector foi profesionalizándose paseniño e as políticas foron variando. É importante ter en conta que a TVG comezou sendo, sen dúbida, un motor da industria dos contidos, dándolle cabida a unhas produtoras e deixando á marxe a outras. Pero con distintas varas de medir e sen igualdade de oportunidades.

Neste Parlamento, falouse en moitas ocasións de sentimento de orgullo do audiovisual galego, pero o sector fai fincapé en que cada vez son máis os produtos que non dependen da CRTVG malia estar subvencionados pola AGADIC.

Despois de catro décadas, o sector non só está maduro, senón que acada un merecido recoñecemento internacional. Hai moita diversidade e moito talento. Pero non existe claridade e transparencia no noso país. E inadmisíbel que non se





coñeza documento ningún que recolla as liñas estratéxicas da política audiovisual do PP en xeral, da Axencia de Industrias Culturais en particular e que se incumpra a lei na CRTVG.

Se facemos comparativas con outras CCAA, constatamos que é certo o das comparacións odiosas: aínda tendo máis habitantes en Galicia (2,7 millóns de habitantes) que en Euskadi (2.194158 habitantes), por poñer un exemplo de dúas Comunidades con Lingua propia, o orzamento destinado a investir nas producións de polo menos un 5% da cifra total de ingresos, en Galicia non se cumpre e en Euskadi si.

“Coa finalidade de fomentar a creación e promoción do audiovisual do país, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), conta na actualidade con varias liñas de axudas entre as que se atopan as destinadas a **‘producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego’**, **‘creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego’**, subvencións para a celebración de **‘festivais do sector audiovisual’**, e axudas á **‘promoción e difusión do cine galego en festivais e mostras de cine de prestixio nacional e internacional que se celebren fóra de Galicia’** que permiten que pezas audiovisuais galegas viaxen -como sucedeu nos últimos anos- ata festivais como a Berlinale (Alemaña), o Shanghai International Film Festival (China), Karlovy Vari (República Checa), Biennale de Venecia (Italia), Sundance e New York (Estados Unidos), IDFA de Amsterdam (Países Baixos), BAFICI de Bos Aires (Arxentina), Locarno (Suíza), Toronto e Hot Docs (Canadá), Festival Internacional de Cine de Xixón, San Sebastián, Festival de Cine Español de Málaga, Semici de Valladolid, Sitges ou o Festival de Cine Europeo de Sevilla.

Para centrar e defender demandas concretas do sector, poñer en marcha liñas de traballo comúns, levar a cabo propostas e defensa de intereses, trazar liñas





formativas e de desenvolvemento de actividades ou a organización de premios e entrega de recoñecementos, o audiovisual galego atópase agrupado en diversas entidades sectoriais. Entre as principais atópanse a **Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)**, **Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual (AEGA)**, **Clúster Audiovisual Galego (CLAG)**, **Academia Galega do Audiovisual (AGA)**, **Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG)**, **Asociación de Profesionais da Dirección e a Realización de Galicia (CREA)**, **Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)**. Ademais, algunhas das que están constituídas a nivel estatal tamén teñen un papel moi activo no día a día do audiovisual en Galicia, como pode ser o caso da **Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA)** ou **Artistas Intérpretes, Sociedade de Xestión (AISGE)**.

Despois de que varias destas asociacións profesionais traballasen durante algún tempo de forma conxunta e continuada en accións e proxectos para fomentar a igualdade nas artes escénicas e no audiovisual, construíron tamén o **Observatorio de Igualdade das Artes Escénicas e do Audiovisual de Galicia**. O feito de que dez asociacións que aglutinan practicamente a totalidade de ámbitos profesionais do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia se unisen para traballar de xeito conxunto arredor desta cuestión foi destacado no seu momento como “un feito histórico sen parangón a nivel estatal”.

Polo alcance das súas mensaxes e capacidade de influír nos idearios colectivos, **a cultura semella ser a perfecta aliada para ofrecer unha imaxe plural, igualitaria e non estereotipada de homes e mulleres no cinema, televisión, publicidade, medios de comunicación... e, concretamente, o audiovisual convértese nun espazo fundamental para poder comezar a construír”**.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Solicitar que a AGADIC asuma, coa participación necesaria da CRTVG, programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores e creadoras do audiovisual galego e a potenciar o talento das novas xeracións.
- Colaborar e chega a acordos coa CRTVG para programar, entre outras, as producións subvencionadas pola Axencia, tendo en conta os principios de cooperación interadministrativa e participación institucional.
- Aumentar a audiencia exponencialmente e o recoñecemento do sector, tendo en conta o principio de calidade e mellorar continua.
- Autoavaliar a dirección da AGADIC dada a ausencia de contidos audiovisuais das novas xeracións que provocan que cada vez os creadores/as teñan menor relevancia para a cidadanía máis nova.
- Impulsar o recoñecemento internacional do audiovisual, cooperando cos medios públicos de comunicación.
- Fomentar a demanda de produtos audiovisuais dando máis oportunidades á creación.
- Potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, mellorando a calidade e diferenciación dos produtos, a axilidade no servizo prestado e a creación de valor engadido na economía dixital.
- Dar a coñecer as liñas estratéxicas da Axencia Galega de Industrias Culturais.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda





Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/04/2019 13:38:00

Luca Chao Pérez na data 16/04/2019 13:38:06

Luis Villares Naveira na data 16/04/2019 13:38:14





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

12 ABR. 2019

Núm.49138.....

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

12 ABR. 2019

SAIDA

Núm.83.....

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao *mes de marzo de 2019*.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CSV: BOPGDSPGarRVsaOpFZ
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
Verificación: <https://sede.xunta.gal/eve>
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 12/04/2019 13:07:37

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





ANEXO I: modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de marzo de 2019

REFERENCIA	CONSELLERÍA /OO.AA	IMPORTE
AD-14-000-19	Consellería do Medio Rural (reestruturación)	
AM-04-002-19	Presidencia da Xunta de Galicia	1.302.076,96
AM-04.A1-003-19	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	1.302.076,96
BC-00-003-19	Varias consellerías	1.302.076,96
BC-00.00-003-19	Varios entes e organismos	116.741,37
AM-11-002-19	Consellería de Cultura e Turismo	2.403.274,06
BC-00-002-19	Varias consellerías	2.403.274,06
BC-00.00-002-19	Varios entes e organismos	1.998.823,54
IC-05-005-19	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza	4.507.009,97
IC-07-007-19	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	6.787.958,92
IC-07.83-002-19	Instituto Galego da Vivenda e Solo	7.898.715,75
IC-10-003-19	Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	19.900,11
IC-12-002-19	Consellería de Sanidade	2.192.574,08
IC-12.80-002-19	Servizo Galego de Saúde	2.192.574,08
IC-14.A2-001-19	Axencia Galega da Calidade Alimentaria	148.377,61
IC-14-004-19	Consellería do Medio Rural	455.585,08
IC-15-001-19	Consellería do Mar	82.192,14
IC-23-001-19	Gastos de diversas consellerías	936.025,99





Resolución pola que se traspasa o crédito dunha aplicación no servizo 03 “Dirección Xeral de Ordenación Forestal” ao servizo 04 “Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias” da Consellería do Medio Rural

Visto o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

Vista a Disposición derradeira primeira do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que establece:

“Primeira.- Facúltase á persoa titular da Consellería de Facenda para ditar as disposicións necesarias para a xestión dos créditos afectados pola nova estrutura administrativa, sen que en ningún caso se poida orixinar incremento de gasto.

A Consellería de Facenda realizará as modificacións orzamentarias necesarias para lle dar cumprimento ao disposto neste decreto”.

A Consellería de Facenda realizará as modificacións orzamentarias necesarias para lle dar cumprimento ao disposto neste decreto”.

Visto o artigo 5.p) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, polo que se faculta á persoa titular da Consellería de Facenda para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, é polo que se formula a seguinte,

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O artigo 17.1.c) do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, atribúelle á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a función de *“colaborar coa dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal na ordenación do pastoreo e o silvipastoreo orientado ás actividades de produción agroalimentaria e gandeira”*, de xeito que as funcións na materia serán exercidas pola Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e non pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.





Tendo en conta o anterior, traspásase o crédito que figura na aplicación 14.03.713B.604.3, proxecto 2016 00197, ao servizo 04, nos seguintes termos:

	Aplicación	Código proxecto	Denominación	Modalidade	Importe
BAIXA	14.03.713B.604.3	2016 00197	Mantemento e recuperación de sistemas silvipastoris	1010	160.000,00
				1020	92.750,00
				3020	39.750,00
				4260	397.500,00
			Total	690.000,00	

	Aplicación	Código proxecto	Denominación	Modalidade	Importe
ALTA	14.04.713B.604.3	2016 00197	Mantemento e recuperación de sistemas silvipastoris	1010	160.000,00
				1020	92.750,00
				3020	39.750,00
				4260	397.500,00
			Total	690.000,00	

Santiago de Compostela,

Proposta:
 O director xeral de Planificación e Orzamentos

Conforme coa proposta:
 O conselleiro de Facenda
 (P.D.:10/02/2015)
 O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado

Miguel Corgos López-Prado





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	AMPLIACIÓN/ BAIXAS CONSELLERÍAS
REFERENCIA	AM-04-002-19 AM-04.A1-003-19 BC-00-003-19 BC-00-00-003-19
ENTIDADE / ORGANISMO	SECRETARIA XERAL PRESIDENCIA DA XUNTA/ AMTEga
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Secretaría Xeral Técnica
DATA DE APERTURA	15/03/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AM-04-002-19 AM-04.A1-003-19 BC-00-003-19 BC-00.00-003-19

1.1.2. Descrición operación

Ampliación de crédito, por un importe de un millón trescentos dous mil setenta e seis euros con noventa e seis céntimos (1.302.076,96 €) nas aplicacións correspondentes ás transferencias de financiamento da Presidencia da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e ampliación de crédito, polo mesmo importe, no orzamento de gastos desta e, **baixa de crédito**, polo mesmo importe, no orzamento de gastos de diversas consellerías e organismos.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

EXPLICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE
AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO		
Presidencia da Xunta de Galicia		
Transferencias á Amtega.	04.10.571A.732.00	1.302.076,96
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia		
Equipamentos para procesos de información	04.A1.571A.626.0	1.167.016,96
Actuacións en materia das tic	04.A1.571A.640.0	135.060,00
Total ampliación.....		1.302.076,96

CSV: BOPGDSPGatRVsaOprF2

Verificación: <https://seade.xunta.gal/verificacion/csv/>

Este documento foi asinado electronicamente conforme á Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. A súa autenticidade pode ser comprobada polo código seguro de verificación no enderezo www.consellaría.gal/verificacion



c0254a07996796be424072b7b8cf246447a306f4



BAIXAS DE CRÉDITO		
DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE
GASTOS EN INVESTIMENTOS	04 10 111A.640.0	4.278,18
INFRAESTRUTURAS TV E RADIODIFUSIÓN	04 20 461B.603.2	4.278,17
MATERIAL DE TRANSPORTE	04 30 312C.223	4.278,17
PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DEPORTIVA	04 40 441A.640.0	4.278,17
INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE IGUALDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO	05.11.313B.640.0	7.540,28
ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	05.21.121A.640.0	15.820,84
MOBILIARIO E UTILES	05.22.131A.625.1	7.540,28
CONVENIOS, PROXECTOS E OUTRAS ACTUACIÓNS	05.23.141A.640.0	7.540,28
PROMOCIÓN INSTITUCIONAL	05.24.121C.640.0	7.540,28
ESTUDOS E CONVENIOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL	05.25.212A.640.00	7.540,28
FOMENTO DA COOPERACIÓN	05.26.331A.640.0	3.000,00
MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS	05.26.111E.623.0	300,00
EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	05.26.111E.626.1	1.500,00
MOBILIARIO É UTILES	05.26.111E.625.0	2.000,00
MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA E MELLORA DA CALIDADE NA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA	05.27.122A.640.0	7.540,28
TRANSFERENCIAS A EGAP	05.21.122B.730.00	7.540,28
ASESORAMENTO EXTERNO	06.01.611A.640.1	7.713,13
TRANSFERENCIAS Á APLU	07 01 521A.442.01	5.817,78
TRANSFERENCIAS A FAMILIAS	07 01 541A.480.0	8.492,62
RESTAURACIÓN ESPAZOS DEGRADADOS	07 02 541D.601.1	16.115,91
MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	07 03 541B.220.02	9.562,55
ESTUDOS E PROXECTOS EN MATERIA DE URBANISMO	07 04 521A.640.1	7.355,80
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	07 04 541E.430.04	4.346,61
TRANSFERENCIAS AO IGVS	07 01 451A.730.05	18.590,14
INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL	08 01 511A.640.0	8.374,52
ESTUDOS E PROXECTOS EN MATERIA DE TRANSPORTES	08 02 512A.640.0	12.716,87
TRANSFERENCIAS A AXI	08.01.512B.732.04	9.925,36
REFORMAS E REPARACIÓNS	09.10.321A.632.1	19.520,20
REFORMAS E REPARACIÓNS	09.10.321A.633.1	26.735,49
	Suma e sigue.....	247.782,47





DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE
	Suma anterior	247.782,47
TRANSFERENCIAS A GAIN	09.10.561A.732.07	1.871,80
TRANSFERENCIA A XERA	09.10.741A.732.16	802,20
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	09.10.324A.731.01	1.604,40
RENOVACION LOMG	09.20.732A.633.0	4.011,00
PROMOCIÓN SECTORIAL E FOMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL	09.30.751A.640.2	14.707,00
PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO E DA ECONOMIA SOCIAL	09.40.324C.640.0	9.626,40
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAUDE LABORAL	09.40.324A.730.08	5.882,80
PROGRAMAS/ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E CALIDADE DO SISTEMA EDUCATIVO	10 20 423A 640.3	23.910,50
AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR	10 30 423A 780.0	23.910,50
ACTIVIDADES DIFUSORAS DE PROMOCIÓN	11 10 431A 640.0	71.124,62
ACTIVIDADES DIFUSORAS DE PROMOCIÓN	13 01 311A 622.1	139.575,39
MOBILIARIO E ÚTILES	14 01 711A 625.1	20.126,25
ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	14 02 551B 640.1	20.120,00
MELLORA XENÉTICA E AUMENTO DA PRODUCCIÓN	14 03 713B 604.4	5.958,69
ESTUDOS E PROGRAMAS DE FORMACIÓN	14 03 713B 640.1	14.161,31
OUTROS	14 04 713E 221.99	20.120,00
OUTROS	14 05 551A 608.1	20.120,00
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	14 05 712A 732.09	20.120,00
FOGGA	14 04 713F 730.09	20.120,00
AGACAL	14 04 561A 432.10	20.120,00
CAMPAÑAS, CONSULTORÍAS, ESTUDOS E TRABAL	15 01 721A 640.2	25.455,59
REALIZ. ACTUAC. PARA MELLORA UNID PESCA	15 03 723A 640.01	20.000,00
OUTRAS INFRAESTRUTURAS	23 02 621B 650.1	550.846,04
TOTAL CONSELLERÍAS		1.302.076,96
ORGANISMOS E AXENCIAS		
DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE
LIMPEZA E ASEO	07 80 521A 227.00	2.914,41
SEGURIDADE	07 80 521A 227.01	2.903,37
MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE	07 81 541E 22000	4.346,61
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	07 83 451A 640.0	18.590,14
GASTOS EN INVESTIMENTOS INMATERIAIS DE I+D+I	09.A3.561A.640.0	1.871,80
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	09.A4.741A.626	802,20
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	09.B1.324A.628.0	1.604,40
MAQUINARIA INSTALACIÓNS E UTENSILIOS	09.81.324A.623.1	5.882,80
ESTUDOS E PROXECTOS EN MATERIA DE ESTRADAS	08 A1 512B 640.1	9.925,36
INFRAESTRUTURAS BÁSICAS SECTOR AGRARIO	14 A1 712A 604.0	20.120,00
MOBILIARIO E ÚTILES	14 80 713F 625.1	20.120,00
ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	14 A2 561A 227.06	20.120,00
ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	05.80.122B.640.0	7.540,28
TOTAL ORGANISMOS		116.741,37





1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 64.1.g) e 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e artigos 5.o) e 7.Tres da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 07.02.2019 ,acordou entre outros o seguinte acordo:

"Aprobar o establecemento dun modelo de financiamento conxunto para a adquisición de licenciamiento de software en postos de traballo nos termos que se establecen en documento anexo".

No devandito acordo establécese aprobar as instrucións para o establecemento dun modelo de financiamento conxunto para a adquisición de licenciamiento de software en posto de traballo.

O obxectivo do acordo é o establecemento dun modelo de financiamento sostible para o mantemento e adquisición de licenciamiento do paquete ofimático, garantindo os recursos financeiros necesarios para facer fronte ás necesidades derivadas do mesmo, necesidades que serán recorrentes e sostidas ao longo do tempo mentres se estenda a súa vida útil.

Segundo se establece no punto 3 do acordo, o financiamento preciso para atender as novas necesidades derivadas do mantemento e adquisición de licenciamiento do paquete ofimático garantirase mediante o financiamento compartido entre as consellerías e a Amtega, no que os custos derivados del queden garantidos a través da correspondente dotación adicional nos orzamentos anuais das consellerías ou entidades delas dependentes e a Amtega.

A distribución do financiamento destinado a atender os custos mencionados será proporcional, atendendo ao número de equipos que na actualidade están atendidos pola Amtega.

Segundo o anexo I do acordo "Licenciamiento de software en postos de traballo: distribución de necesidades por consellerías en atención ao número de postos de traballo" é o seguinte, por anualidades:





Consellería	Nº DE POSTOS (FEB 2019)	25%	ANUALIDADE 2019	ANUALIDADE 2020	ANUALIDADE 2021	TOTAL
Presidencia da Xunta de Galicia	256	64	17.112,69	17.112,69	17.112,69	51.338,07
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza	1.127	282	75.402,80	75.402,80	75.402,80	226.208,40
Consellería de Facenda (D.X de Función Pública)	117	29	7.713,13	7.713,13	7.713,13	23.139,39
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	1.051	263	70.281,41	70.281,41	70.281,41	210.844,23
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	465	116	31.016,75	31.016,75	31.016,75	93.050,25
Consellería de Economía, Emprego e Industria	1.271	318	85.028,68	85.028,68	85.028,68	255.086,04
Consellería de Educación, Universidade e F.P.	717	179	47.821,00	47.821,00	47.821,00	143.463,00
Consellería de Cultura e Turismo	1.065	266	71.124,62	71.124,62	71.124,62	213.373,86
Consellería de Política Social	2.088	522	139.575,39	139.575,39	139.575,39	418.726,17
Consellería do Medio Rural	2.407	602	160.966,25	160.966,25	160.966,25	482.898,75
Consellería do Mar	679	170,00	45.455,59	45.455,59	45.455,59	136.366,77
TOTAL.....	11.243	2.811,00	751.498,31	751.498,31	751.498,31	2.254.494,93





A Consellería de Facenda asumirá, con cargo aos seus orzamentos, o financiamento necesario para ampliar as licenzas de infraestruturas de servidor e licenzas de cliente (CAL) de Microsoft para satisfacer as necesidades actuais, segundo a distribución por anualidades que figuran no anexo II, e que se corresponden co seguinte detalle:

TIPO	2019	2020	2021	TOTAL
Licenzas Microsoft infraestrutura + CAL	550.846,04	550.846,04	550.486,04	1.652.178,12

No apartado 6º do acordo, *Efectividade*): *Autorízase á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, de conformidade coas competencias que ten atribuídas, a adoptar as medidas necesarias para garantir que o presente modelo sexa afectivo ao comezo do exercicio de 2019.*

Tendo en conta o anterior, e unha vez recibida da Amtega a relación de aplicacións orzamentarias e documentos RCts afectados, ponse á disposición da Amtega os créditos correspondentes á anualidade de 2019, por unha contía total de 1.302.076,96 €, que afectan ás transferencias de financiamento a axencias e organismos públicos en 116.741,37 €, por cuxo importe se dan de baixa neles.

Para os efectos do disposto no artigo 64.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, en concordancia co artigo 7.Tres da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, a modificación será financiada con baixa de crédito nas aplicacións detalladas na proposta.

A modificación permitirá atender os obxectivos programados e non ten carácter consolidable para futuros exercicios.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao abeiro do establecido nos artigos 64.1.g) e 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e os artigos 5.o) e 7.Tres da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, eleva para a súa autorización o expediente de ampliación e baixa de crédito nos termos que se recollen na proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	O conselleiro de Facenda (PD-10-02-2015)
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López-Prado





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	AMPLIACIÓN DE CRÉDITO – BAIXA DE CRÉDITO
REFERENCIA	AM-11-002-19 BC-00-002-19 BC-00.00-002-19
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
DATA DE APERTURA	28/02/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

AM-11-002-19 BC-00-002-19 BC-00.00-002-19

1.1.2. Descrición operación

Ampliación de crédito, por importe de dous millóns catrocentos tres mil douscentos setenta e catro euros con seis céntimos (2.403.274,06 €) e **baixas de crédito**, polo mesmo importe no vixente orzamento de gastos de Administración Xeral; e de douscentos dous mil seiscentos quince euros con sesenta e seis céntimos (202.615,66 €) no Instituto Galego da Vivenda e Solo; de un millón setecentos cincuenta e seis mil catrocentos doce euros con cincuenta e sete euros (1.756.412,57 €) na Axencia Galega de Infraestruturas; de dezaseis mil euros (16.000,00 €) na Axencia Galega de Innovación; de catro mil cento noventa e nove euros con vinte e tres céntimos (4.199,23 €) na Axencia Galega da Industria Forestal; de sete mil cincocentos noventa e seis euros con oito céntimos (7.596,08 €) na Axencia Turismo de Galicia e doce mil euros (12.000 €) no Instituto Enerxético de Galicia, como consecuencia do establecido na Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia e no artigo 54 da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.





1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODALID	IMPORTE
11.30.433A.640.1	2010 00680- Conservación, Restauración e Protección do Patrimonio Cultural Galego	1010	1.170.000,00
11.30.433A.632.1	2014 00446- Investimentos en bens do Patrimonio Cultural destinados a uso social	1010	119.000,00
11.30.433A.619.0	2014 00446- Investimentos en bens do Patrimonio Cultural destinados a uso social	1010	874.274,06
11.30.433A.619.2	2014 00446- Investimentos en bens do Patrimonio Cultural destinados a uso social	1010	200.000,00
11.30.433A.781.0	2015 00382- Axudas para a conservación e protección do patrimonio cultural galego	1010	40.000,00
Total			2.403.274,06

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 64.1.g) e 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro.

Artigo 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Artigo 54 da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

O artigo 119.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en concordancia co artigo 54 da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, establece:

"2. Ao comezo de cada exercicio orzamentario, o órgano competente en materia de orzamentos realizará de oficio a retención do 80 por cento da porcentaxe anual nos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística e procederá á conseguinte ampliación de crédito na consellería competente en materia de patrimonio cultural.

A ampliación de crédito indicada terá carácter de "á conta" sobre a relativa á liquidación definitiva da porcentaxe que, de acordo con número 1 deste artigo, corresponde aos traballos de dotación artística. A estas ampliacións non lles serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na alínea sete do artigo 8 desta lei".

A transferencia terá carácter de "a conta" sobre a liquidación definitiva da porcentaxe que de acordo coa Lei 5/2016 lles corresponda aos traballos de dotación artística.





Con base no anterior recibíronse nesta dirección xeral os documentos "RC de transferencias" que se detallan no anexo, cos seguintes totais en euros, por consellerías e organismos:

CONSELLERIAS	IMPORTE
Presidencia da Xunta de Galicia	14.307,47
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	263.477,52
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	1.844.940,64
Consellería de Economía, Emprego e Industria	38.599,23
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	201.010,34
Consellería de Cultura e Turismo	7.596,08
Consellería do Medio Rural	2.208,00
Gastos de diversas consellerías	31.134,78
Total consellerías....	2.403.274,06
ORGANISMOS	
Instituto Galego de Vivenda e Solo	202.615,66
Total organismos....	202.615,66

AXENCIAS	
Axencia Galega de Infraestruturas	1.756.412,57
Axencia Galega de Innovación	16.000,00
Axencia Galega da Industria Forestal	4.199,23
Axencia de Turismo de Galicia	7.596,08
Instituto Enerxético de Galicia	12.000,00
Total axencias....	1.796.207,88

Con base no anterior, e de acordo con establecido nos artigos 64.1.g) e 66.g) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, e 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural solicita unha ampliación de crédito por unha contía determinada de 2.403.274,06 €, para o que, de acordo co previsto no artigo 64.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se procede a dar de baixa nas aplicacións e polos importes que figuran na proposta, para o que figuran no expediente os RCt correspondentes, con destino a traballos de dotación artística.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	Conselleiro de Facenda (PD-10-02-2015)
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López -Prado



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-05-005-19
ENTIDADE / ORGANISMO	Secretaría Xeral Técnica VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Secretaría Xeral Técnica
DATA DE APERTURA	25/03/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-05-005-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por importe de catro millóns cincocentos sete mil nove euros e noventa e sete céntimos (4.507.009,97€) resultante dos que figuraron en 2018 financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODALID	IMPORTE
05.22.131A.622.0	2013000187 - EDIFICIO XUDICIAL DE PONTEVEDRA	2011	4.507.009,97
TOTAL INCORPORACIÓN			4.507.009,97

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e), 71.1.c) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, administracións Públicas e Xustiza, remite expediente no que solicita a incorporación ao vixente orzamento de gastos, dun remanente de crédito por 4.507.009,97 €, no proxecto 2013 00187 da aplicación 05.22.131A.622.0, e financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda de 20 de decembro de 2007 establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.



De acordo co anterior, con data 26 de decembro de 2018, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores na que establece, entre outros, a incorporación automática dos remanentes de crédito, que no acaden a fase de recoñecemento da obriga ao 31 de decembro, dos remanentes de crédito comprometidos con modalidade de financiamento correspondentes ao Fondo de Compensación Interterritorial.

Neste expediente se solicita a incorporación do remanente de crédito non comprometido que figurou no proxecto 2013 00187, da aplicación 05.22.131A.622.0, e financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial, no incluído polo tanto na tramitación das incorporacións automáticas.

O obxecto da solicitude é atender os compromisos correspondentes as obras de construción do novo edificio xudicial de Pontevedra, que non puideron acadar a fase de recoñecemento da obriga como consecuencia do ritmo de execución das obras.

No orzamento de gastos para 2018, figurou o proxecto 2013 00187, da aplicación 05.22.131A.622.1, cunha dotación nas modalidades de financiamento do FCI, por un importe de 11.834.254,78 €, presentando a seguinte situación contable.

CRÉDITO VIXENTE	FASE A D	OBRIGAS RECOÑECIDAS	REMANENTE NON COMPROMETIDO	REMANENTE COMPROMETIDO	REMANENTE TOTAL
11.834.254,78	7.327.244,81	6.004.499,64	4.507.009,97	1.322.745,17	5.829.755,14

O remanente comprometido foi obxecto de incorporación automática, solicitándose neste expediente a incorporación do remanente non comprometido.

Figura no expediente informe favorable da Intervención Delega na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, administracións Públicas e Xustiza relativa a incorporación de créditos, figura así mesmo certificación dos saldos contables relativos á citada incorporación de crédito.

Ditas modificacións, non consolidables para exercicios futuros, permitirán dar cumprimento aos obxectivos programados.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto nos artigos 66.e), 71.1c) e 71.2 da do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; sométese á súa autorización o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Director Xeral de Planificación e Orzamentos	Conselleiro de Facenda PD-10-02-2015
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López –Prado



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-07-007-19 IC-07.83-002-19
ENTIDADE / ORGANISMO	Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda/Instituto Galego da Vivenda e Solo
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda/Instituto Galego da Vivenda e Solo
DATA DE APERTURA	05/03/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-07-007-19; IC-07.83-002-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por importe de seis millóns setecentos oitenta e sete mil novecentos cincuenta e otio euros con noventa e dous céntimos (6.787.958,92€) no orzamento de gastos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e sete millóns oitocentos noventa e oito mil setecentos quince euros con setenta e cinco céntimos (7.898.715,75€), no orzamento de gastos do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS), correspondente aos remanentes dos créditos que figuraron en 2018, financiados con transferencias finalistas do Estado. **Movemento interproxectos** por importe de douscentos corenta e oito mil setecentos quince euros con corenta e cinco céntimos (248.715,45€) no IGVS.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓNS	PROXECTO	MOD	IMPORTE	
07.01.415B.430.05	2018 00095-Transferencia finalista ao IGVS. Plan 2018-2021	3011	3.700.000,00	
07.01.451A.730.05	2018 00095- Transferencia finalista ao IGVS. Plan 2018-2021	3011	3.087.958,92	
Total incorporacións Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda			6.787.958,92	
Instituto Galego da Vivenda e Solo				
07.83.451B.480.6	2018-0004-Axuda á mocidade	3011	700.000,00	
07.83.451B.480.6	2018-0008-Programas de axuda ao alugueiro de vivenda PXE	3011	3.000.000,00	
07.83.451A.770.2	2018-0005-Programa de millora eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas PXE	3011	100.000,00	
07.83.451A.770.2	2018-0006- Fomento da conservación, millora da seguridade de utilización e accesibilidade en vivendas PXE	3011	100.000,00	
07.83.451A.780.6	2018-0005- Programa de millora eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas PXE	3011	1.487.958,92	
07.83.451A.780.6	2018-0006- Fomento da conservación, millora da seguridade de utilización e accesibilidade en vivendas PXE	3011	1.400.000,00	
07.83.531A.605.1	2015-00019-PLISAN	3031	1.110.756,83	
Total incorporacións IGVS			7.898.715,75	
MOVIMENTO INTERPROXECTOS IGVS				
APLICACIÓN	PROXECTO	IMPORTE	ORIXE MOD	DESTINO MOD
07.83.531A.605.1	2015-00019	248.715,45	1010	1050



1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 27 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e a Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 26 de decembro de 2018, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.

A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, esta dirección verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído.

En relación co anterior, na Consellería de Infraestruturas e Vivenda figuran remanentes de crédito correspondentes a transferencias finalistas do Estado, en materia de vivenda, por unha contía de 6.787.958,92€, que se propoñen incorporar no presente expediente, na consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Os citados crédito agrúpanse como segue:

Liña 00457 Plan estatal de vivenda 2018-2021	
Dereitos recoñecidos	19.890.794,98
Crédito vicente	19.950.000,00
obrigas recoñecidas	13.102.836,06
Importe a incorporar	6.787.958,92

Que se incorporan nas aplicacións que se detallan na proposta

Por outro lado, as incorporacións a realizar no Instituto Galego de Vivenda e Solo ascenden a un total de 7.898.715,75 €, dos que 6.787.958,92€ se corresponden con ingresos recibidos a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e 1.110.756,83€, con ingresos realizados directamente no organismo, sendo o detalle seguinte:

Liña 000457 Plan estatal de vivenda 2018-2021	
---	--





Dereitos recadados na Admon Xeral	19.890.794,98
obrigas recoñecidas	13.102.836,06
Importe a incorporar	6.787.958,92

Detalle da incorporación:

Aplicación	07.83.451B.480.6
Proxecto	2018 00004
Crédito vixente	700.000,00
Obrigas recoñecidas	0,00
Dereitos aplicados	700.000,00
Importe a incorporar	700.000,00

Aplicación	07.83.451B.480.6
Proxecto	2018 00008
Crédito vixente	3.000.000,00
Obrigas recoñecidas	0,00
Dereitos aplicados	3.000.000,00
Importe a incorporar	3.000.000,00

Aplicación	07.83.451A.770.2
Proxecto	2018 00005
Crédito vixente	100.000,00
Obrigas recoñecidas	0,00
Dereitos aplicados	100.000,00
Importe a incorporar	100.000,00

Aplicación	07.83.451A.770.2
Proxecto	2018 00006
Crédito vixente	100.000,00
Obrigas recoñecidas	0,00
Dereitos aplicados	100.000,00
Importe a incorporar	100.000,00

Proxecto	2018 00005
Crédito vixente	1.520.000,00
Obrigas recoñecidas	0,00
Dereitos aplicados	1.487.958,92
Importe a incorporar	1.487.958,92

Aplicación	07.83.451A780.6
Proxecto	2018 00006
Crédito vixente	1.400.000,00
Obrigas recoñecidas	0,00
Dereitos aplicados	1.400.000,00
Importe a incorporar	1.400.000,00

Aplicación	07.83.451A780.6
Proxecto	2018 00007
Crédito vixente	13.130.000,00
Obrigas recoñecidas	13.102.836,06
Dereitos aplicados	13.102.836,06
Importe a incorporar	0,00

Ingresos aplicados no organismo:

Liña 00391	SOLO EMPRESARIAL. PLISAN
------------	--------------------------



Aplicación	07.80.531A.605.1
Proxecto	2015 00019
Crédito vixente	1.110.756,83
Dereitos recoñecidos	1.110.756,83
obrigas recoñecidas	0,00
(1) Remanente	1.110.756,83
Incorporación a realizar en 2018	1.110.756,83
Cofinanciación necesaria	248.715,45

Fundaméntase a solicitude no acordo da Comisión de Seguimento do convenio da volta ao réxime de condominio para o desenvolvemento da Plataforma Loxística Salvaterra do Miño-As Neves (PLISAN), pola que se modifica o acordo do 8 de abril de 2015, relativo á contratación, execución e supervisión das obras de urbanización da 1ª fase dos sistemas xerais da PLISAN e outros traballos técnicos necesarios para a súa execución, co obxecto de adaptar os importes aos proxectos redactados.

Na reunión de 8 de abril de 2015 apróbase o acordo para a contratación, execución e supervisión das obras de urbanización da 1ª fase dos sistemas xerais da PLISAN e os traballos técnicos necesarios para o seu desenvolvemento.

Na cláusula segunda do acordo establécese que a comisión acorda por unanimidade que o IGVS sexa a Administración que se encargue da licitación e contratación da obra de execución da 1ª fase dos sistemas xerais, que inclúen a estación de tratamento de augas potables (ETAP), coa súa correspondente captación, e da estación depuradora de augas residuais 1ª fase (EDAR), para dar cabida a unha primeira fase de implantación de solo industrial.

Por outra parte, a autoridade portuaria será a entidade encargada dos traballos facultativos de replanteo, dirección, inspección e liquidación da obra, así como da vixilancia e coordinación de seguridade e saúde da mesma, excluindo o relativo á execución da obra da EDAR nin da ETAP, que serán contratados polo IGVS.

Na cláusula cuarta establécese que o financiamento dos investimentos derivados da execución das obras, IVE excluído, estímase nas seguintes cantidades:

Proxecto, tramitación medio ambiental e asistencia técnica á dirección de obra	140.000,00 €
Obra sistemas xerais 1ª fase (incluíndo dirección de obra, CSS e control de calidade	11.200.000,00 €
ETAP e Captación auga	3.285.000,00 €
EDAR	2.000.000,00 €
Dirección e coordinación de seguridade e saúde (ETAP)	66.618,00 €
Control de calidade (ETAP, captación Augas e EDAR)	44.412,00 €
Total	16.736.030,00 €

Estes importes asumiranse conxuntamente polas tres administracións asinantes do convenio, nas porcentaxes seguintes:

-Autoridade Portuaria de Vigo (60,580%)	10.138.686,98€
-Instituto Galego da Vivenda e Solo (18,295%)	3.061.856,69€
-Consorcio da Zona Franca de Vigo (21,125%)	3.535.486,34€

Como consecuencia da modificación do punto cuarto do acordo do 8 de abril de 2015, o cadro de financiamento quedou como segue:





Proxecto, tramitación medio ambiental e asistencia técnica á dirección de obra	141.000,00 €
Obra sistemas xerais 1ª fase (incluíndo dirección de obra, CSS e control de calidade	9.515.095,11 €
ETAP e Captación auga	5.197.953,87 €
Redacción anteprojecto EDAR	47.190,00 €
Obra EDAR e explotación	2.842.180,00 €
Dirección e coordinación de seguridade e saúde (ETAP)	139.279,00 €
Control de calidade (ETAP, captación Augas e EDAR)	363.856,77 €
Total	18.246.554,75 €

Estes importes asumiranse conxuntamente polas tres administracións asinantes do convenio, nas porcentaxes seguintes:

-Autoridade Portuaria de Vigo (60,580%)	11.053.762,86€
-Instituto Galego da Vivenda e Solo (18,295%)	3.338.207,35€
-Consortio da Zona Franca de Vigo (21,125%)	3.854.587,70€

Isto supón un incremento total de 1.510.524,75€ sendo a distribución por anualidades a seguinte:

Administración	ANUALIDADE 2018	ANUALIDADE 2019	TOTAL
AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO	823.568,31	91.507,57	915.075,88
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO	287.188,52	31.909,84	319.098,36
INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO	248.715,45	27.635,05	276.350,50
TOTAL	1.359.472,28	151.052,46	1.510.524,74
%	90%	10%	100%

Como consecuencia do anterior, as achegas correspondentes á Autoridade Portuaria de Vigo e ao Consorcio da Zona Franca de Vigo no ano 2018 son respectivamente de 823.568,31 € e de 287.188,52 €, que o IGVS que se xeraron no proxecto 2015 00019, modalidade 3030.

Os dereitos recoñecidos no pasado exercicio, ascenderon a un total de 227.488,31 € sen embargo para continuar a execución das obras resulta preciso dispoñer do total remanente por importe de 1.110.756,83 €. Que se solicita incorporar neste expediente.

Os fondos propios necesarios para atender o cofinanciamento, por importe de 248.715,45 € se tramita un movemento interproxectos da modalidade 1010 á 1050, con cargo ao proxecto 2015-00019.

Ditas modificacións, non consolidables para exercicios futuros, permitirán dar cumprimento aos obxectivos programados.

Por todo o anterior, esta dirección xeral, ao amparo do previsto nos artigos 66.e) e h) e 71.2 do Texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia, e artigo 86.2, regra quinta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, somete para a súa consideración o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTE LA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	Conselleiro de Facenda
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López-Prado (P.D.:10-02-2015)





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-10-003-19
ENTIDADE / ORGANISMO	Secretaría Xeral Técnica Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	Secretaría Xeral Técnica
DATA DE APERTURA	14/02/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-10-003-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por importe de dezanove mil novecentos euros e once céntimos (19.900,11€) correspondentes aos remanentes dos créditos que figuraron en 2018, financiados con outras transferencias finalistas.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODALID	IMPORTE
10.20.423A.229	201400706 - PROXECTO "NATURACCIÓN" SUBVENCIÓN DA FUNDACIÓN ALCOA	3211	7.147,65
10.20.423A.6405	201400706 - PROXECTO "NATURACCIÓN" SUBVENCIÓN DA FUNDACIÓN ALCOA	3211	12.752,46
	TOTAL INCORPORACIÓN		19.900,11

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 27 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e a Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito



automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 26 de decembro de 2018, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.

A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído.

En relación co anterior, na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria figuran remanentes de crédito por importe de 19.900,11 €, correspondentes a outras transferencias finalistas que se propoñen incorporar no presente expediente.

Os citados créditos corresponden ao seguinte detalle:

Liña 00322	CONVENIO ALCOA PROGRAMAS SOCIOECONÓMICOS
Dereitos recoñecidos exercicios pechados	39.615,64
Total dereitos	39.615,64
Crédito Vixente	39.615,64
Obrigas recoñecidas	19.715,53
Importe a incorporar	19.900,11

Ten orixe o citado remanente na axuda concedida pola Fundación ALCOA á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización do proxecto “Naturación”, a desenvolver no curso 2017/2018 e que ten por obxectivo principal a promoción do desenvolvemento de proxectos de innovación ambientais interdisciplinarios en todos os centros educativos participativos da Mariña Lucense.

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos tramitou o documento MICCR de ingreso coa referencia 424/17, do 31 de decembro, no concepto 1770100322, por 39.615,64 €.

En base ao anterior, tramitouse a xeración de crédito, de referencia XC-10-003-18, por importe de 39.615,64 euros, nas aplicacións correspondentes aos capítulos II e VI, código de proxecto 2014 00706, modalidade 3213 “Outras transferencias finalistas, exercicios pechados”.

Do citado crédito se recoñeceron obrigas por un importe total de 19.715,53 €, resultando un remanente de 19.900,11 €.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto nos artigos 66.e) e 71.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, Orde da Consellería de Economía e Facenda do 20 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018, sométese á súa consideración o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.



SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Director Xeral de Planificación e Orzamentos	Conseleiro de Facenda PD-10-02-2015
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López –Prado



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-12-002-19 e IC-12.80-002-19
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DE SANIDADE
DESCRICIÓN DA ENTIDADE	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
DATA DE APERTURA	04/03/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-12-002-19; IC-12.80-002-19

1.1.2. Descrición operación

1.2. Incorporación de crédito por importe de dous millóns cento noventa e dous mil cincocentos setenta e catro euros e oito céntimos (2.192.574,08 €), ao vixente orzamento de gastos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, (SERGAS), resultante dos que figuraron en 2018 financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial.

1.3. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.3.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODALIDADE	IMPORTE
INCORPORACIÓN CRÉDITOS			
Consellería de Sanidade			
12.01.411A.730.07	2015 00703-TRANSFERENCIA SERGAS FCI LIBRE	2011	2.192.574,08
Servizo Galego de Saúde			
2701.412A.621.2	2015 00001-PLAN DIRECTOR HOSPITAL DA COSTA	2011	2.283,83
5001.412A.621.1	2015 00001-PLAN DIRECTOR HOSPITAL DA COSTA	2011	1.585.677,22
5001.412A.621.2	2015 00001-PLAN DIRECTOR HOSPITAL DA COSTA	2011	604.613,03
Total Incorporación SERGAS			2.192.574,08

1.3.2. Fundamento normativo.

- Artigos 66.e), 71.1.c) e 71.2) da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; e 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019.



1.4. INFORME

1.4.1. Exposición

A Consellería de Sanidade remite un expediente no que solicita a incorporación ao vixente orzamento de gastos, dun remanente de crédito por importe de 2.192.574,08 €, resultante dos que figuraron en saldo disposicións, no proxecto 2015 00703, da aplicación 11.01.411A.730.07 de 2018, equivalente á 12.01.411A.730.07, de 2019, correspondente á transferencia de financiamento ao SERGAS, e financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial.

Así mesmo solicita a incorporación de crédito polo mesmo importe de 2.192.574,08 €, nas aplicacións do SERGAS, correspondente ao proxecto 2015 00001 e financiadas igualmente polo FCI.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda de 20 de decembro de 2007 establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, con data 26 de decembro de 2018, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores na que establece, entre outros, a incorporación automática dos remanentes de crédito, que non acaden a fase de recoñecemento da obriga ao 31 de decembro, dos remanentes de crédito comprometidos con modalidade de financiamento correspondentes ao Fondo de Compensación Interterritorial.

Neste expediente se solicita a incorporación do remanente de crédito non comprometido que figurou no proxecto 2015 00001, do SERGAS e financiados con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial, no incluído polo tanto na tramitación das incorporacións automáticas.

No proxecto 2015 00001 correspondente ao Plan director Hospital da Costa, figuraron compromisos de futuros para a anualidade 2019, por un importe de 2.192.574,08 €, sendo a dotación que figura no vixente orzamento de gastos de 245.536,00 €.

Polo tanto para poder atender os referidos compromisos resulta preciso incorporar tanto os remanentes comprometidos por importe de 188.138,13 €, que se tramita de xeito automático, como os non comprometidos por importe de 2.192.574,08 €, que se solicita neste expediente.

Por outro lado, a fin de atender o financiamento desta modificación se solicita a incorporación de un remanente de crédito polo mesmo importe no proxecto 2015 00703, da aplicación 11.01.411A.730.07, correspondente coa 13.01.411A.730.07 de 2019, correspondente á transferencia de financiamento ao SERGAS.

Figura no expediente informe favorable da Intervención Delega na Consellería de Sanidade e da Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público, relativos a incorporación de créditos na consellería e no SERGAS, respectivamente, figura así mesmo certificación dos saldos contables relativos á citada incorporación de crédito.

Ditas modificacións, non consolidables para exercicios futuros, permitirán dar cumprimento aos obxectivos programados.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto nos artigos 66.e), 71.1c) do texto refundido da Lei de



réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e o artigo 5.o) da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2019, sométese para a súa consideración o expediente de modificación de crédito nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
O director xeral de Planificación e Orzamentos	Conselleiro de Facenda (P.D.:10-02-2015)
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López-Prado





ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-14-A2-001-19
ENTIDADE / ORGANISMO	AXENCIA GALEGA CALIDADE ALIMENTARIA
DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE	AXENCIA GALEGA CALIDADE ALIMENTARIA
DATA DE APERTURA	21/03/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-14.A2-001-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por un importe de cento corenta e oito mil trescentos setenta e sete euros e sesenta e un céntimos (148.377,61€) ao vixente orzamento de gastos, resultante dos que figuraron en 2018 financiados con cargo a outras transferencias finalistas.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODAL	IMPORTE
INCORPORACIÓN CRÉDITOS			
14.A2.561A.131.00	201400026- PROGRAMA DE RECURSOS FITOXEN FORESTAIS CONVENIO INDITEX	3211	11.154,12
14.A2.561A.160.00	201400026- PROGRAMA DE RECURSOS FITOXEN FORESTAIS CONVENIO INDITEX	3211	3.951,63
14.A2.561A.640.6	201400026- PROGRAMA DE RECURSOS FITOXEN FORESTAIS CONVENIO INDITEX	3211	133.271,86
	TOTAL INCORPORACIÓN DE CRÉDITO		148.377,61

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 27 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e a Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda,





por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 26 de decembro de 2018, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.

A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído.

En relación co anterior no Agacal figuraron remanentes de crédito correspondentes a outras transferencias finalistas, por un importe de 148.377,61 €, que se propoñen incorporar no presente expediente:

Os citados créditos corresponden ao seguinte detalle:

Liña 00317 CONVENIO CON INDITEX EN MATERIA FORESTAL	
Dereitos recoñecidos no exercicio na Consellería	200.000,00
Orzamento vixente	200.000,00
Obrigas recoñecidas	51.622,39
Importe que se propón incorporar	148.377,61

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto nos artigos 66.e) e 71.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Orde da Consellería de Economía e Facenda do 20 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018, sométese á súa consideración o expediente de modificación de créditos nos termos da proposta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Director Xeral	Conselleiro de Facenda PD-10-02-2015
Miguel Corgos López-Prado	Miguel Corgos López –Prado



ASUNTO	Modificacións de crédito: expediente para acordo
TIPO DE TRÁMITE	INCORPORACIÓN DE CRÉDITO
REFERENCIA	IC-14-004-19
ENTIDADE / ORGANISMO	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DATA DE APERTURA	25/03/2019

1. EXPEDIENTE PARA ACORDO

1.1. DATOS XERAIS MC

1.1.1. Expediente xestor

IC-14 004-19

1.1.2. Descrición operación

Incorporación de crédito por un importe catrocentos cincuenta e cinco mil cincocentos oitenta e cinco euros e oito céntimos (455.585,08 €) ao vixente orzamento de gastos, resultante dos que figuraron en 2018 financiados con cargo a outras transferencias finalistas.

1.2. EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓNS

1.2.1. Empregos

DETALLE APLICACIÓN	PROXECTO	MODAL	IMPORTE
INCORPORACIÓN CRÉDITOS			
14.03.713B.604.4	201600200 - RECUPERACIÓN DO POTENCIAL FORESTAL DANADO POR INCENDIOS E OUTRAS CATÁSTROFES	3211	455.585,08

1.2.2. Fundamento normativo

Artigos 66.e) e 71.2 da do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 27 de decembro de 2007, pola que se establece o procedemento para as incorporacións automáticas de remanentes de crédito de exercicios anteriores e a Instrución da Consellería de Facenda, do 26 de decembro de 2018.

1.3. INFORME

1.3.1. Exposición

A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 20 de decembro de 2007, establece o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, e no seu artigo 1º establece que, antes do peche do exercicio a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, fixará os criterios obxectivos que permitan determinar os fondos dos que os remanentes non executados poden ser incorporados de xeito automático ao exercicio seguinte.

De acordo co anterior, o 26 de decembro de 2018, a Consellería de Facenda ditou instrucións para proceder á incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores.



A norma sétima da citada instrución establece que as transferencias finalistas que non cofinancien fondos europeos e que procedan do exercicio anterior, serán incorporados de oficio pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para o que deberá terse en conta que, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos verificará, nos expedientes correspondentes a transferencias finalistas a recepción dos correspondentes fondos ou o recoñecemento do dereito ou contraído.

En relación co anterior na Consellería do Medio Rural figuraron remanentes de crédito correspondentes a outras transferencias finalistas, por un importe de 455.585,08 €, que se propoñen incorporar no presente expediente:

Os citados créditos corresponden ao seguinte detalle:

Xeración de crédito no capítulo VI do orzamento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático por importe de 157.114,00 € como consecuencia da sinatura con data 11 de abril de 2016 dun Acordo de colaboración entre a entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para a realización de mostraxe, análise e aplicación de índices de valoración necesarios para o proceso de avaliación do estado das masas de auga.

Suscribiuse unha segunda addenda ao citado acordo, e de conformidade co disposto na cláusula segunda da mesma, Augas de Galicia, compensará parcialmente á consellería polos gastos nos que incorra para á realización de determinados traballos.

Con base a todo isto tramítase un expediente de xeración de crédito por importe de 157.114,00€.

5.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	07.02..541E.6231	EQUIPAMENTOS AMBIENTAIS	2014.00690	1110	N	25.000,00	0,00
001	13	07.02..541E.6331	REDES DE OBSERVACIÓN E PREVENCIÓN DE RISCOS	2014.00690	1110	N	72.114,00	0,00
001	13	07.02..541E.6401	EQUIPAMENTOS AMBIENTAIS	2014.00690	1110	N	60.000,00	0,00

5.5. EXPEDIENTE XC-07-004-19

(Código exp. CODEX XC-2019-195-00100003)

5.5.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 2019.07.04.521A.607.1, proxecto de gasto 2019.NOVO (COFINANCIACIÓN CONCELLOS PLAN hURBE), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, por importe de trinta e seis mil cincocentos corenta e sete euros con noventa e tres céntimos (36.547,93 €), correspondente ás achegas de Concellos no exercicio 2019 para o cofinanciamento das actuacións seguintes:

- 1.- Acordo de cooperación subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Lobeira, para a HUMANIZACIÓN DE RÚAS EN LOBEIRA, por importe de 6.102,51 €
- 2.- Acordo de cooperación subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Sober, para ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS URBANOS PÚBLICOS, por importe de 9.241,82 €
- 3.- Acordo de cooperación subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Taboada, para MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA AVENIDA DE LUGO, por importe de 6.906,34 €
- 4.- Acordo de cooperación subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Valga, para HUMANIZACIÓN E MELLORA DO PARQUE IRMÁNS DIOS MOSQUERA, por importe de 14.297,26 €

5.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	07.04..521A.6071	OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO	2016.00346	3110	N	36.547,93	0,00





5.6. EXPEDIENTE XC-10-002-19

(Código exp. CODEX XC-2019-279-00100002)

5.6.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 13.647,69 € como consecuencia de maiores ingresos, respecto aos inicialmente previstos, procedentes da Administración Xeral de Estado para o desenvolvemento de fins e obxectivos atribuídos á Comunidade Autónoma.

A Consellería de Educación, Universidade e FP, en colaboración co Ministerio de Educación, Educación e Formación Profesional, vai a convocar no presente exercicio as axudas dirixidas ao financiamento de actividades das Confederacións e Federacións de asociacións de nais e pais do alumnado e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial para o ano 2019.

5.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.30..423A.4810	AXUDAS A CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE APAS E APAS DE CEE	2015.00336	3013	N	13.647,69	0,00

5.7. EXPEDIENTE XC-10-003-19

(Código exp. CODEX XC-2019-278-00100002)

5.7.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 1.136.774,04 como consecuencia de maiores ingresos derivados do acordo polo que se formalizan os criterios de distribución dos créditos para o ano 2018, aprobados pola Conferencia Sectorial de Educación, e a súa aplicación para o desenvolvemento das accións de formación, perfeccionamento e mobilidade do profesorado de Formación Profesional

5.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.20..422M.64018	Plan de Formación do Profesorado de Formación Profesional	2015.00361	3070		568.387,02	0,00
001	14	10.20..422M.64018	Plan de Formación do Profesorado de Formación Profesional	2015.00361	4370		568.387,02	0,00

5.8. EXPEDIENTE XC-10-004-19

(Código exp. CODEX XC-2019-278-00100001)

5.8.1. Descrición

Xeración de crédito por importe 230.577,48 como consecuencia de maiores ingresos derivados do acordo polo que se formalizan os criterios de distribución dos créditos para o ano 2018, aprobados pola Conferencia Sectorial de Educación, e a súa aplicación para a financiación da avaliación e acreditación das competencias profesionais coa financiación do Fondo Social Europeo

5.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.20..422M.64011	Proceso de recoñecemento e acreditación de competencias	2015.00356	3013	N	230.577,48	0,00

5.9. EXPEDIENTE XC-10-006-19

(Código exp. CODEX XC-2019-204-00100002)

5.9.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 42.798,28 €, que se corresponde coa indemnización aboada pola Compañía Aseguradora "MAPFRE" polos sinistros ocorridos en diversos centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que deben ser subsanados e reparados.





5.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.10..421A.212	Edificios e outras construcións	2015.00415	1010	N	1.225,00	0,00
001	14	10.10..422A.6251	Adquisicións equipamento infantil e primaria	2015.00308	1010	N	236,00	0,00
001	14	10.10..422A.6321	Reparacións, ampliacións e melloras	2015.00399	1010	N	13.643,29	0,00
001	14	10.10..422G.6321	Reparacións, ampliacións e melloras	2015.00402	1010	N	92,90	0,00
001	14	10.10..422M.6251	Adquisicións equipamento secundaria e FP	2015.00310	1010	N	1.787,00	0,00
001	14	10.10..422M.6321	Reparacións, ampliacións e melloras	2015.00403	1010	N	14.856,09	0,00
001	14	10.10..571A.6260	Equipos para procesos de información	2010.00486	1010	N	6.690,00	0,00
001	14	10.30..422A.229	Gastos de funcionamento centros docentes non universitarios	2015.00397	1010	N	3.018,00	0,00
001	14	10.30..422M.229	Gastos de funcionamento centros docentes non univesitarios	2015.00397	1010	N	1.250,00	0,00

5.10. EXPEDIENTE XC-11-001-19

(Código exp. CODEX XC-2019-275-00100001)

5.10.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación orzamentaria 11.20.432B.212, código de proxecto 2015 00418, polo importe de 5.730 €, procedente da indemnización da compañía de seguros Mapfre por un sinistro na Illa de San Simón.

5.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	17	11.20..432B.212	Edificios e outras construcións	2015.00418	1010	N	5.730,00	0,00

5.11. EXPEDIENTE XC-12.80-007-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100002)

5.11.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 460.982,00 €, no capítulo 1, programa 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A xeración é como consecuencia de varios ingresos do Instituto de Salud Carlos III para proxectos de investigación asociados ós contratos Miguel Servet tipo I e tipo II, Juan Rodés, Sara Borrell.

5.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2014.00068	3013		45.000,00	0,00
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00012	3013		52.875,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2014.00068	3013		45.000,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00010	3013		53.732,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00011	3013		40.500,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00012	3013		142.875,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2016.00021	3013		40.500,00	0,00
103	50	27.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00011	3013		40.500,00	0,00

5.12. EXPEDIENTE XC-12.80-008-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100013)

5.12.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 30.612,97 €, no capítulo 1, programa 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A Xeración é como consecuencia dun ingreso da empresa GASMEDI para intensificación de actividade investigadora e





innovación ao amparo da instrución 2/2013.

5.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	27.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00006	3210		23.602,91	0,00
103	50	27.01..561C.16000	Seguridade social	2015.00006	3210		7.010,06	0,00

5.13. EXPEDIENTE XC-12.80-009-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100003)

5.13.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 121.098,00 €, no capítulo 1, programa 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A xeración é como consecuencia de varios ingresos do Instituto de Salud Carlos III para proxectos de investigación asociados ós contratos Miguel Servet tipo I e Río Hortega.

5.13.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2016.00020	3013		26.866,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00011	3013		40.500,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2016.00020	3013		53.732,00	0,00

5.14. EXPEDIENTE XC-12.80-010-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100006)

5.14.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 358.518,00 €, nos capítulos 1 e 6, programas 412A e 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A xeración é como consecuencia de varios ingresos do Instituto de Salud Carlos III para proxectos de investigación asociados ós contratos Miguel Servet tipo I e II, Juan Rodés, Río Hortega e axudas para a mobilidade (M-BAE).

5.14.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2014.00068	3013		90.000,00	0,00
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00012	3013		40.500,00	0,00
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2016.00021	3013		40.500,00	0,00
103	50	15.01..561C.6400	Investigación sanitaria	2016.00021	3013		40.000,00	0,00
103	50	15.71..412A.44314	Medicina xenómica	2016.00020	3013		26.866,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2014.00068	3013		45.000,00	0,00
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2016.00020	3013		53.732,00	0,00
103	50	36.01..561C.16200	Formación e perfeccionamento do persoal	2017.00006	3013		21.920,00	0,00

5.15. EXPEDIENTE XC-12.80-011-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100012)

5.15.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 80.000,00 €, no capítulo 1, programa 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A xeración é como consecuencia dun ingreso da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago relativo ó proxecto PERFORM.





5.15.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.71..561C.13100	Retribucións básicas	2018.00007	4610		60.331,82	0,00
103	50	15.71..561C.16000	Seguridade social	2018.00007	4610		19.668,18	0,00

5.16. EXPEDIENTE XC-12.80-012-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100016)

5.16.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 1.333.386,71 €, nos capítulos 1, 4 e 6, programas 411A, 412A, 412B e 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a gastos de persoal, transferencias de financiamento e investimentos reais. A xeración é como consecuencia da distribución efectuada entre as Comunidades Autónomas polo Consello de Ministros de data 14/12/2018, para o financiamento de programas de políticas de cohesión sanitaria, de formación continuada no uso racional de medicamentos para médicos, odontólogos, farmacéuticos, enfermeiros e inspectores do Sistema Nacional de Saúde.

5.16.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412B.13100	Retribucións básicas	2015.00008	3013		41.091,00	0,00
103	50	15.01..412B.16000	Seguridade social	2015.00008	3013		11.200,00	0,00
103	50	15.05..412A.13100	Retribucións básicas	2015.00008	3013		94.412,00	0,00
103	50	15.05..412A.16000	Seguridade social	2015.00008	3013		25.734,00	0,00
103	50	15.71..412B.13100	Retribucións básicas	2015.00008	3013		41.091,00	0,00
103	50	15.71..412B.16000	Seguridade social	2015.00008	3013		11.200,00	0,00
103	50	36.01..412B.13100	Retribucións básicas	2015.00008	3013		41.091,00	0,00
103	50	36.01..412B.16000	Seguridade social	2015.00008	3013		11.200,00	0,00
103	50	50.01..411A.43214	Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	2015.00008	3013		115.000,00	0,00
103	50	50.01..411A.6214	Equipamento informático	2015.00008	3013		250.000,00	0,00
103	50	50.01..412A.13100	Retribucións básicas	2015.00008	3013		47.206,00	0,00
103	50	50.01..412A.16000	Seguridade social	2015.00008	3013		12.867,00	0,00
103	50	50.01..412B.6403	Coordinación prestación farmacéutica	2015.00008	3013		81.294,71	0,00
103	50	50.01..561C.6281	Biblioteca e publicacións	2015.00008	3013		550.000,00	0,00

5.17. EXPEDIENTE XC-12.80-013-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100015)

5.17.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 11.776,71 €, no capítulo 4, programa 411A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Esta Xeración é como consecuencia dun ingreso efectuado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para o desenvolvemento do Plan Nacional de Doazón de Medula Ósea.

5.17.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..411A.43215	Axencia Galega de Sangue, órganos e tecidos	2017.00004	3010		11.776,71	0,00





5.18. EXPEDIENTE XC-12.80-014-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100018)

5.18.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 3.495,34 €, no capítulo 2, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a gastos en bens correntes e servizos. A xeración é como consecuencia de un ingreso da compañía Mapfre.

5.18.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.01..412A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2014.00042	1010		3.495,34	0,00

5.19. EXPEDIENTE XC-12.80-015-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100017)

5.19.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 103.860,42 €, nos capítulos 1, 2 e 6, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a gastos de persoal, en bens correntes e servizos e investimentos de carácter inmaterial "coordinación de transplantes". A Xeración de crédito é como consecuencia dun ingreso do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social para a coordinación e transplante de órganos e tecidos.

5.19.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.16200	formación e perfeccionamento do persoal	2014.00021	3010		20.000,00	0,00
103	50	15.01..412A.22606	Reunións e conferencias	2014.00021	3010		34.600,00	0,00
103	50	15.01..412A.6212	Equipamento (maquinaria e mobiliario)	2014.00021	3010		12.731,17	0,00
103	50	15.05..412A.6212	Equipamento (maquinaria e mobiliario)	2014.00021	3010		1.157,36	0,00
103	50	15.71..412A.6212	Equipamento (maquinaria e mobiliario)	2014.00021	3010		17.612,30	0,00
103	50	27.01..412A.6212	Equipamento (maquinaria e mobiliario)	2014.00021	3010		1.896,76	0,00
103	50	32.01..412A.16200	formación e perfeccionamento do persoal	2014.00021	3010		2.829,74	0,00
103	50	36.01..412A.16200	formación e perfeccionamento do persoal	2014.00021	3010		1.306,18	0,00
103	50	36.01..412A.6212	Equipamento (maquinaria e mobiliario)	2014.00021	3010		9.000,00	0,00
103	50	36.03..412A.16200	formación e perfeccionamento do persoal	2014.00021	3010		1.900,00	0,00
103	50	36.03..412A.6212	Equipamento (maquinaria e mobiliario)	2014.00021	3010		826,91	0,00

5.20. EXPEDIENTE XC-12.80-016-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100019)

5.20.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 1.926,93 €, no capítulo 2, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a gastos en bens correntes e servizos. A xeración é como consecuencia de ingresos efectuados por compañías de seguros derivados de indemnizacións por sinistros.

5.20.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.71..412A.212	Edificios e outras construcións	2014.00042	1010		1.926,93	0,00





5.21. EXPEDIENTE XC-12.80-017-19

(Código exp. CODEX XC-2019-59-00100010)

5.21.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 113.224,00 €, no capítulo 1, programa 561C, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2019, con destino a investigación sanitaria. A Xeración é como consecuencia de varios ingresos da Fundación Profesor Novoa Santos e Fundación Biomédica Sur relativos a Instrucción 2/2013.

5.21.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00006	3010		62.858,00	0,00
103	50	15.01..561C.16000	Seguridade social	2015.00006	3010		20.366,00	0,00
103	50	32.01..561C.13100	Retribucións básicas	2015.00006	3010		20.670,00	0,00
103	50	32.01..561C.16000	seguridade social	2015.00006	3010		9.330,00	0,00

5.22. EXPEDIENTE XC-13-001-19

(Código exp. CODEX XC-2019-215-00100001)

5.22.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 13.02.3132B.228, proxecto 2013 00590, do estado de gastos do orzamento da D.X. de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, derivada da subvención outorgada por parte do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social para a atención aos menores estranxeiros non acompañados acollidos no ano 2018 (MENAS).

5.22.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.02..312B.228	Gastos de funcionamento de centros e servi. sociais	2013.00590	3010	N	433.981,09	0,00

5.23. EXPEDIENTE XC-13-002-19

(Código exp. CODEX XC-2019-214-00100001)

5.23.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 13 01 311A 632.1 por importe de 320.238,83€ derivada do Acordo de Colaboración entre a Consellería de Política Social e o INEGA para financiar a instalación de equipos de xeración térmica no Centro de Menores de Santo Anxo da Garda e na Residencia de Tempo Libre de Panxón.

5.23.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	13.01..311A.6321	Obras en materia de aforro e eficiencia enerxética	2014.00739	4130	S	320.238,83	0,00

5.24. EXPEDIENTE XC-14-004-19

(Código exp. CODEX XC-2019-219-00100005)

5.24.1. Descrición

Esta operación consiste nunha xeración de crédito por un importe total de 57.636,85 €, desagregado do seguinte xeito:

- Aplicación 14.01.711A.625.1 "Mobiliario e enseres": 32.000,00 €.
- Aplicación 14.01.711A.632.1 "Edificios e outras construcións": 25.636,85 €.

Este importe correspóndese cos ingresos efectuados no Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2019 e derivados da venda das antigas cámaras agrarias locais de Piñor, Begonte, Vilarmajor, Pantón, Paradela e Foz, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia.





5.24.2. Partidas orzamentarias de destino

GOD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	16	14.01..711A.6251	Mobiliario e enseres	2015.00605	1010	N	32.000,00	0,00
001	16	14.01..711A.6321	Edifícios e outras construcións	2015.00605	1010	N	25.636,85	0,00





6. AMPLIACIÓN

6.1. EXPEDIENTE AM-04.A1-002-19

(Código exp. CODEX AM-2019-5-00100001)

6.1.1. Descrición

Ampliación de crédito no orzamento da Amtega por importe de 526.104,00 euros destinada a aplicación 952 para efectuar a devolución da anualidade 2019 do empréstito AVANZA.

6.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
303	10	04.A1..571A.952	DEVOLUCION DE PRESTAMOS	2014.00009	1010	N	526.104,00	0,00

6.2. EXPEDIENTE AM-06-002-19

(Código exp. CODEX AM-2019-187-00100004)

6.2.1. Descrición

O obxecto da modificación é ampliar crédito na aplicación orzamentaria 06.01.621A.432.03 "transferencias correntes á Axencia Tributaria de Galicia" por importe de 2.840.212,97 euros para poder satisfacer as cantidades que deben percibir as persoas titulares de oficinas liquidadoras dos distritos hipotecarios en concepto de indemnizacións e compensacións dos gastos orixinados pola recadación e xestión de autoliquidacións practicadas polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e pola recadación práctica das liquidacións do imposto sobre sucesións e doazóns.

A Atriga simultaneamente solicita a ampliación correspondente no seu orzamento de gasto

6.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	06.01..621A.43203	transferencia corrente a Atriga	2015.00201	1010	N	2.840.212,97	0,00

6.3. EXPEDIENTE AM-06.A2-002-19

(Código exp. CODEX AM-2019-6-00100003)

6.3.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe de dous millóns oitocentos corenta mil douscentos doce euros con noventa e sete céntimos (2.840.212,97.-€) na aplicación orzamentarias 06 A2 621A 227.07 da Axencia Tributaria de Galicia

6.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
305	10	06.A2..621A.22707	Remuneracións a axentes mediadores independentes	2015.00001	1010	N	2.840.212,97	0,00

6.4. EXPEDIENTE AM-11.A2-001-19

(Código exp. CODEX AM-2019-1-00100002)

6.4.1. Descrición

Ampliación de crédito por importe total de 520.000,00 € para desenvolver medidas previstas no pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, nas seguintes aplicacións:

11.A2.761A.460.0, código de proxecto XXXX XXXXX, por importe de 455.000,00 €, para accións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero nas axudas a festas de interese turístico (liña concellos).

11.A2.761A.470.0, código de proxecto XXXX XXXXX, por importe de 65.000,00 €, para accións de prevención e sensibilización fronte á violencia de xénero nas axudas a festas de interese turístico (liña entidades profesionais).

O financiamento da ampliación de crédito é con cargo aos Orzamentos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aplicación 05.11.313D.470.0, código de proxecto 2018 00112.





6.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
306	10	11.A2..761A.4600	Transferencias correntes a Concellos	2019.00001	3010	N	455.000,00	0,00
306	10	11.A2..761A.4700	Transferencias correntes a entidades profesionais	2019.00001	3010	N	65.000,00	0,00

6.5. EXPEDIENTE AM-12.A2-001-19

(Código exp. CODEX AM-2019-128-00100001)

6.5.1. Descrición

AMPLIACIÓN DE CRÉDITO, por importe de 11.776,71 €, no capítulo 2, programa 412A, do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega de Sangue Órganos e Tecidos para o ano 2019. Esta Ampliación é como consecuencia dunha xeración relativa a un ingreso efectuado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para o desenvolvemento do Plan Nacional de Doazón de Médula Ósea.

6.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
309	10	12.A2..412A.22799	OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	2017.00001	3010		11.776,71	0,00

6.6. EXPEDIENTE AM-15.A1-001-19

(Código exp. CODEX AM-2019-14-00100001)

6.6.1. Descrición

Ampliación de crédito na aplicación orzamentaria 15.A1.541C.640.2 no capítulo VI de Investimentos do orzamento de gastos do Instituto Tecnolóxico para o control do medio mariño de Galicia (INTECMAR) para o ano 2019, por importe de TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E SETE EUROS (39.747,00€).

6.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
410	10	15.A1..541C.6402	PROXECTO MADETOX	2017.00001	1010	N	39.747,00	0,00





7. BAIXA

7.1. EXPEDIENTE BC-09.A2-002-19

(Código exp. CODEX BC-2019-11-00100003)

7.1.1. Descrición

Baixa de crédito, por importe de trescentos nove mil trescentos euros (309.300,00 €), na aplicación 09.A2.733A.770.12, como consecuencia da tramitación dunha transferencia negativa polo mesmo importe na aplicación 09.20.733A.732.06, correspondente ás transferencias de financiamento ao Instituto Enerxético de

7.1.2. Partidas orzamentarias de destino

7.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
407	10	09.A2..733A.77012	Axudas Ecobarrio de A Ponte - Ourense	2019.00004	1010	N	309.300,00	0,00

7.2. EXPEDIENTE BC-10-002-19

(Código exp. CODEX BC-2019-278-00100001)

7.2.1. Descrición

Baixa de crédito por importe de 350.315,00 derivada da conclusión do convenio asinado co SEPIE con número 2016-ES01-KA102-024869 con título Next Station: Improving Professional Skills Galicia

7.2.2. Partidas orzamentarias de destino

7.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.20..422M.229	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS CENTROS DOCENTES NON UNIVERSITARIOS	2016.00407	4611	S	29.577,00	0,00
001	14	10.20..422M.4804	PROXECTO DE MOBILIDADE ERASMUS+2016 NEXT STATION	2016.00407	4611	S	280.588,60	0,00
001	14	10.20..422M.64011	PROCESO DE RECOÑECEMENTO E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS	2015.00356	1010	N	36.089,40	0,00
001	14	10.20..422M.6409	PROXECTO DE MOBILIDADE LEONARDO DA VINCI-EUROPA NEXT STATIONII	2016.00407	4611	S	4.060,00	0,00





8. ACORDO DO CONSELLO

8.1. EXPEDIENTE TR-09-005-19

(Código exp. CODEX TR-2019-200-00300002)

8.1.1. Descrición

Transferencia de crédito entre o programa 733A-732.06 (Transferencias de capital ao INEGA) do proxecto 2015/00290 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e o programa 322C-770.0 da Secretaría Xeral de Emprego, Novas actuacións estratexia autónomas. Axuda ao investimento. Programa Bono Autónomo.

Como consecuencia desta transferencia de crédito tramítase un expediente de Baixa de Crédito no subconcepto 770.12 do programa 733A do orzamento do INEGA, que se está levando a cabo por dito organismo.

O motivo da transferencia é dotar de crédito á aplicación da S. X. de Emprego para atender os compromisos que quedaron en fase D a data 31/12/2018 da Orde do 22 de maio de 2018 pola que se establecen as bases do programa do Bono das Persoas Autónomas .

8.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.40..322C.7700	Axuda investimento-Programa Bono Autónomo	2017.00021	1010	N	309.300,00	0,00

8.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	09.20..733A.73206	TRANSFERENCIAS CAPITAL INEGA	2015.00290	1010	N	309.300,00	0,00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación dos arquivos en Galiza descrita polo Consello da Cultura Galega no seu último informe e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto, especialmente en materia feminista.

O Consello da Cultura Galega (CCG) publicou o Informe sobre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista elaborado polas autoras Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño a instancias da Comisión de igualdade da institución.

Nas conclusións do pormenorizado estudo, o CCG fai especial énfase na pervivencia e reprodución de lóxicas androcéntricas e patriarcais que discriminan e invisibilizan as mulleres e a súa contribución á historia do noso país, tamén nos arquivos. Neste senso, o CCG presenta unha visión global e actualizada dos arquivos públicos en Galiza relativa a diferentes aspectos (traxectoria dos arquivos do CCG, características dos arquivos, iniciativas de xénero/feminismo/igualdade, arquivistas, tratamento e uso dos fondos documentais, formación, ferramentas non sexistas da lingua nos arquivos), segundo explican desde a propia institución.

Nas conclusións do informe as autoras e o Consello da Cultura Galega sinalan que se está a incumprir a lexislación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, sinalan: “agás raras excepcións, representadas fundamentalmente nas web da UDC e da USC, os arquivos públicos en Galiza incumpren a Lei de transparencia no proceso de visibilización das e dos profesionais de arquivos. Non existen ferramentas accesibles que permitan coñecer o número de arquivistas, a súa formación, as prazas que ocupan e moito menos coñecer eses datos desagregados por sexos, e, de existir referencias, con frecuencia están desactualizadas”.

Así mesmo, continúa o estudo, “existen tamén nunha parte considerable dos arquivos analizados importantes carencias derivadas da falta de espazo físico, que bloquea os centros. É preciso que as administracións de que dependen tomen consciencia desta realidade e ofrezan solucións”.

Non é a primeira ocasión en que os problemas estruturais que atinxe aos arquivos galegos é denunciada. Coincidindo co Día internacional dos arquivos, o 9 de xuño de 2018, desde a Asociación Profesional de Arquivistas da Xunta de Galiza reclamaron máis persoal e mellores condicións de traballo, a posta en andamento de máis arquivos, así como máis medios e mellores infraestruturas para os que xa existen.

Cómpre lembrar que desde hai cinco anos Galiza conta cunha lei de arquivos e documentos (7/2014) que nas súas disposicións transitorias fixaba un ano para a aprobación dun plan de arquivos, que debía avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza así como, tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galiza se adecuaran aos principios dispostos na devandita lei.

Porén, isto non ten acontecido. Moito menos, a política da Xunta de Galiza en materia de arquivos e documentos ten introducido a necesaria perspectiva de xénero para erradicar a perspectiva androcéntrica e patriarcal que impera, tamén, neste ámbito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
4ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa o Sistema de Arquivos da Xunta de Galiza?
- E o grao de cumprimento e desenvolvemento da Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galiza?
- Ten feito o Goberno galego o Plan de arquivos previsto na devandita lei?
- Que opinión lle merece o Informe obre os arquivos públicos de Galiza. Unha perspectiva de xénero e feminista?
- Ten previsto a Xunta de Galiza adoptar algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2019 17:08:46

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2019 17:08:50

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2019 17:08:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2019 17:08:53

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2019 17:08:55

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2019 17:08:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Membros do comité de folga de Transportes Pacholo S.L., empresa que realiza o transporte de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) para SOGAMA como subcontrata da UTE formada por Renfe Mercancías-Logirail-Copasa , veñen de **rexistrar a convocatoria de folga indefinida que se desenvolverá a partir do vindeiro día 15 de abril.**

Os motivos da folga son de índole laboral e ambiental.

No laboral denuncian acoso laboral que rematou no despedimento de 8 traballadores en represalia polas súas reivindicacións.

Na xestión do transporte de SOGAMA téntanse establecer dúas clases de traballadores con diferentes condicións laborais, nas que se precariza a súa situación.

No ambiental os traballadores denuncian malas prácticas da empresa que producen danos medioambientais en forma de lixiviados que rematan contaminando os acuíferos.

O contrato de transporte dos residuos sólidos urbanos, de 140 millóns de euros, foi un dos contratos máis importante da Xunta de Galicia na pasada lexislatura, e consagra o modelo das subcontratacións que precariza as condicións dos traballadores do servizo.





O servizo de transporte por estrada é prestado por Transportes Pocholo que, á súa vez, é unha subcontrata de COPASA, pero a responsabilidade final e principal da situación recae sobre a propia SOGAMA sociedade pública, cunha participación da Xunta de Galicia do 51% (49 % Naturgy).

É por iso que os traballadores teñen solicitado unha xuntanza con Javier Domínguez, o presidente da sociedade, que nin contestou dita solicitude.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Que está a facer a Xunta de Galicia para atender as demandas dos traballadores?
- 2) Por que o presidente de SOGAMA, o señor Javier Domínguez, non recibe aos traballadores de Transportes Pocholo?
- 3) Está ao corrente das denuncias por acoso laboral e por deficientes condicións ambientais do servizo?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/04/2019 11:37:49

Marcos Cal Ogando na data 12/04/2019 11:37:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras para Salamanca.

Recentemente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dunha serie de inqedanzas relativas á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, acontecementos diante dos que urxe tomar posición.

Na segunda semana de abril coñeceuse que Iberdrola quere pechar o seu centro de control da Rúa, trasladando esas tarefas e responsabilidades a Salamanca, algo que a empresa cualifica de “reorganización” malia supoñer a destrución de 16 postos de traballo nunha parte do país que ten importantes problemas de despoboamento e desemprego.

Esta situación é inaceptable se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre recordar que Iberdrola superou no ano 2018 por primeira vez os 3.000 millóns de euros de beneficio neto, cun crecemento do 7,5% no 2018 polo que non tería dificultades económicas que impidiran manter as oficinas na rúa.

Desde o Concello da Rúa consideran que se trata de deslocalización de Iberdrola no seu concello en primeiro lugar e da comarca de Valdeorras, en segundo lugar, e os grupos de BNG e PSOE presentaron unha moción conxunta. Así mesmo, tamén o concello de Petín se manifestou como contrario e preocupado por estes feitos. É preciso que esa preocupación e compromiso impliquen tamén á Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola en Valdeorras a Salamanca?

-Coñece esta situación o goberno galego? Como a valora?

-Dirixiuse o goberno galego a Iberdrola para tratar esta cuestión? Con que resultado?

-Ten colaborado cos concellos afectados?

-Esixirá o goberno galego nas súas concesións públicas o mantemento de postos de traballo no noso país? Con que formulación?

-Como avalía o impacto económico e social en Valdeorras da progresiva transformación desde Saltos do Sil? Que balance fai dos resultados do esquilme dos nosos recursos naturais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que esta política enerxética e económica favorecida polo seu goberno é positiva para o progreso da comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:24:40

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:24:45

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:24:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:24:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:24:49

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:24:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

Os Equipos de Valoración e Orientación da Discapacidade (EVO) de Galicia trasladáronlle á Consellaría de Política social un conxunto de demandas para mellorar o funcionamento dun servizo que acumula retrasos que teñen consecuencias dramáticas para as persoas que dependen dos informes de valoración da discapacidade, sobre todo naqueles casos que non teñen prioridade na tramitación.

As profesionais dos equipos de valoración e orientación da discapacidade veñen reclamando desde fai tempo a ampliación do número dos equipos naquelas provincias que sexa necesario por ter unha infraestrutura insuficiente e non chegar os equipos actuais para a demanda existente. É o caso da provincia de Pontevedra, principalmente na zona norte, onde se vén producindo desde o ano 2010 unha acumulación de expedientes que deu lugar a retrasos de ata tres anos na tramitación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o ano 2012, a administración estableceu medidas parciais como horas extras do persoal e contratación de equipos de reforzo por acumulo de tarefas que se ben conseguiron reducir a agarda, non resolveron o problema de fondo que é de carácter estrutural: a insuficiencia dos equipos estábeis para dar resposta ao elevado número de solicitudes que teñen que atender.

Así acontece cos equipos da zona norte de Pontevedra, que é a que ten maior retraso na tramitación de toda Galiza. Se ben a contratación durante 9 meses de 6 equipos de reforzo permitiu reducir as listaxes de agarda de 3 a 2 anos, o problema estrutural segue ser resolver porque unha vez que remataron estes contratos volve de novo a xerarse retraso e incrementarse o tempo de tramitación.

Estamos diante dun problema crónico que non se vai resolver definitivamente mentres non se creen equipos estábeis dotados de profesionais de medicina, psicoloxía e traballo social.

Cómpre ter en conta que non se trata só dunha demanda laboral das persoas que configuran os actuais equipos, que loxicamente queren facer o seu traballo en condicións dignas e en tempos de tramitación razoábeis. Estamos sobre todo diante dun problema social, pola perda de dereitos económicos e sociais que conleva o retraso na tramitación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que opinión lle merece ao goberno galego que a tramitación da valoración da discapacidade acumule ata dous anos de agarda na provincia de Pontevedra?

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para reducir os tempos de agarda na valoración da discapacidade?

Ten previsto o goberno galego ampliar os equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:42:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:42:43

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:42:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:42:46

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:42:48

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:42:49





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á requisa de bandeiras galegas nos estadios de fútbol.

De maneira reiterada véñense producindo requisas nos estadios de bandeiras galegas estreleiras e outros símbolos de identificación política. De todos xeitos, non hai unha actuación uniforme nin por parte das autoridades de interior nin por parte dos clubs e así nuns estadios permítese a exhibición destes símbolos e noutros prohibese drasticamente.

Un bo exemplo deste contraste de criterios é o que acontece nos estadios de Balaídos e Pasarón. Así, mentres a afección do Celta pode exhibir libremente bandeiras e outros símbolos de identidade, no caso do Pontevedra existe unha prohibición expresa por parte da dirección do clube, que se traduce na requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos. Neste sentido, nas últimas tempadas tramitáronse cando menos dous expedientes sancionadores con multas de 300 e 500 euros, xunto coa prohibición de entrada ao estadio.

Para o BNG, estamos diante dunha actitude represora que na práctica supón un atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun estado que se di democrático. E o que é mais grave, estamos diante dun burdo intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pluralismo político, ao establecerse una relación perversa entre a exhibición destes símbolos e a incitación á violencia.

Invócase para a requisa e prohibición destes símbolos a Lei 19/2007 de 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Concretamente faise referencia ao artigo 2, que tipifica como actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte, entre outras, as seguintes:

“A exhibición nos recintos deportivos, nos seus aledaños ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, dalgunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo”.

Asemade, o artigo 6 prohibe exhibir bandeiras e outras enseñas “que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual”.

Parece claro que na forma de proceder do Pontevedra CF e da seguridade do estadio de Pasarón empréganse criterios arbitrarios e inmotivados baixo escusa dunha suposta seguridade. Un xeito de proceder que leva a prohibir de xeito preventivo as bandeiras estreleiras e a estigmatizar e criminalizar as ideas que se expresan por medio deste símbolo.

Con respecto a esta cuestión, cabe sinalar que existen sentenzas xudiciais que conclúen que prohibir bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expresión, polo que as autoridades deben evitar a inclusión da exhibición deste tipo de símbolos entre os actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Como valora o goberno galego a prohibición de bandeiras estreleiras e outros símbolos identitarios galegos nos estadios deportivos?

-Que criterio se segue a este respecto por parte da Secretaria Xeral para o Deporte?

Esta situación é inaceptable se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre recordar que Iberdrola superou no ano 2018 por primeira vez os 3.000 millóns de euros de beneficio neto, cun crecemento do 7,5% no 2018 polo que non tería dificultades económicas que impidiran manter as oficinas na rúa.

Desde o Concello da Rúa consideran que se trata de deslocalización de Iberdrola no seu concello en primeiro lugar e da comarca de Valdeorras, en segundo lugar, e os grupos de BNG e PSOE presentaron unha moción conxunta. Así mesmo, tamén o concello de Petín se manifestou como contrario e preocupado por estes feitos. É preciso que esa preocupación e compromiso impliquen tamén á Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola en Valdeorras a Salamanca?

-Coñece esta situación o goberno galego? Como a valora?

-Dirixiuse o goberno galego a Iberdrola para tratar esta cuestión? Con que resultado?

-Ten colaborado cos concellos afectados?

-Esixirá o goberno galego nas súas concesións públicas o mantemento de postos de traballo no noso país? Con que formulación?

-Como avalía o impacto económico e social en Valdeorras da progresiva transformación desde Saltos do Sil? Que balance fai dos resultados do esquilme dos nosos recursos naturais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que esta política enerxética e económica favorecida polo seu goberno é positiva para o progreso da comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:26:42

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:26:46

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:26:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:26:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:26:52

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:26:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

Os Equipos de Valoración e Orientación da Discapacidade (EVO) de Galicia trasladáronlle á Consellaría de Política social un conxunto de demandas para mellorar o funcionamento dun servizo que acumula retrasos que teñen consecuencias dramáticas para as persoas que dependen dos informes de valoración da discapacidade, sobre todo naqueles casos que non teñen prioridade na tramitación.

As profesionais dos equipos de valoración e orientación da discapacidade veñen reclamando desde fai tempo a ampliación do numero dos equipos naquelas provincias que sexa necesario por ter unha infraestrutura insuficiente e non chegar os equipos actuais para a demanda existente. É o caso da provincia de Pontevedra, principalmente na zona norte, onde se vén producindo desde o ano 2010 unha acumulación de expedientes que deu lugar a retrasos de ata tres anos na tramitación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o ano 2012, a administración estableceu medidas parciais como horas extras do persoal e contratación de equipos de reforzo por acumulo de tarefas que se ben conseguiron reducir a agarda, non resolveron o problema de fondo que é de carácter estrutural: a insuficiencia dos equipos estábeis para dar resposta ao elevado número de solicitudes que teñen que atender.

Así acontece cos equipos da zona norte de Pontevedra, que é a que ten maior retraso na tramitación de toda Galiza. Se ben a contratación durante 9 meses de 6 equipos de reforzo permitiu reducir as listaxes de agarda de 3 a 2 anos, o problema estrutural segue ser resolver porque unha vez que remataron estes contratos volve de novo a xerarse retraso e incrementarse o tempo de tramitación.

Estamos diante dun problema crónico que non se vai resolver definitivamente mentres non se creen equipos estábeis dotados de profesionais de medicina, psicoloxía e traballo social.

Cómpre ter en conta que non se trata só dunha demanda laboral das persoas que configuran os actuais equipos, que loxicamente queren facer o seu traballo en condicións dignas e en tempos de tramitación razoábeis. Estamos sobre todo diante dun problema social, pola perda de dereitos económicos e sociais que conleva o retraso na tramitación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que opinión lle merece ao goberno galego que a tramitación da valoración da discapacidade acumule ata dous anos de agarda na provincia de Pontevedra?

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para reducir os tempos de agarda na valoración da discapacidade?

Ten previsto o goberno galego ampliar os equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:44:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:44:46

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:44:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:44:49

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:44:50

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:44:51





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á requisa de bandeiras galegas nos estadios de fútbol.

De maneira reiterada véñense producindo requisas nos estadios de bandeiras galegas estreleiras e outros símbolos de identificación política. De todos xeitos, non hai unha actuación uniforme nin por parte das autoridades de interior nin por parte dos clubs e así nuns estadios permítese a exhibición destes símbolos e noutros prohibese drasticamente.

Un bo exemplo deste contraste de criterios é o que acontece nos estadios de Balaídos e Pasarón. Así, mentres a afección do Celta pode exhibir libremente bandeiras e outros símbolos de identidade, no caso do Pontevedra existe unha prohibición expresa por parte da dirección do clube, que se traduce na requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos. Neste sentido, nas últimas tempadas tramitáronse cando menos dous expedientes sancionadores con multas de 300 e 500 euros, xunto coa prohibición de entrada ao estadio.

Para o BNG, estamos diante dunha actitude represora que na práctica supón un atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun estado que se di democrático. E o que é mais grave, estamos diante dun burdo intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pluralismo político, ao establecerse una relación perversa entre a exhibición destes símbolos e a incitación á violencia.

Invócase para a requisa e prohibición destes símbolos a Lei 19/2007 de 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Concretamente faise referencia ao artigo 2, que tipifica como actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte, entre outras, as seguintes:

“A exhibición nos recintos deportivos, nos seus aledaños ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, dalgunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo”.

Asemade, o artigo 6 prohibe exhibir bandeiras e outras enseñas “que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual”.

Parece claro que na forma de proceder do Pontevedra CF e da seguridade do estadio de Pasarón empréganse criterios arbitrarios e inmotivados baixo escusa dunha suposta seguridade. Un xeito de proceder que leva a prohibir de xeito preventivo as bandeiras estreleiras e a estigmatizar e criminalizar as ideas que se expresan por medio deste símbolo.

Con respecto a esta cuestión, cabe sinalar que existen sentenzas xudiciais que conclúen que prohibir bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expresión, polo que as autoridades deben evitar a inclusión da exhibición deste tipo de símbolos entre os actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Como valora o goberno galego a prohibición de bandeiras estreleiras e outros símbolos identitarios galegos nos estadios deportivos?

-Que criterio se segue a este respecto por parte da Secretaria Xeral para o Deporte?

-Comparte o goberno galego a sentenza xudicial que establece que a prohibición de bandeiras esteladas nos estadios conculca a liberdade de expresión?

-Por que razón non existe un criterio unánime por parte dos clubs e da seguridade dos estadios a este respecto?

-Comparte o goberno galego o criterio do Pontevedra CF a respecto da requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao... e na advertencia de sancións ás persoas que exhiben estes símbolos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/04/2019 13:23:40

María Montserrat Prado Cores na data 15/04/2019 13:23:44

Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2019 13:23:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/04/2019 13:23:48

Olalla Rodil Fernández na data 15/04/2019 13:23:49

Noa Presas Bergantiños na data 15/04/2019 13:23:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os equipos de valoración e orientación (EVO) son os encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten.

Estes equipos multidisciplinares, dependentes das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, conformados por persoal médico, de psicoloxía e de traballo social, levan tempo reclamando a necesidade de incrementar o número destes polo longo tempo de espera que existe nestes momentos.

A situación da provincia de Pontevedra é especialmente grave, tendo, aínda agora, unha media de agarda de dous anos, e chegando a ser de ata tres anos noutros momentos, cando o razoable sería que seis meses fora o máximo que tivera que esperar unha persoa.

Estamos ante unha problemática estrutural causada pola falta de persoal, polo que faise evidente a necesidade de incrementar estes equipos de maneira estable, a maiores de cubrir as baixas que se produzan nos equipos para que estes non queden con menos traballadoras e traballadores.

Tras as reclamacións efectuadas noutros momentos polo persoal, onde as solicitudes de valoración da discapacidade tiñan esta enorme lista de agarda, a Xunta de Galicia puxo parches para mellorar a situación, pero non mudou a súa política de fondo.





Constituíu novos equipos con persoal contratado por acumulo de tarefas, ou estableceu a posibilidade da realización de horas extras por parte do persoal, pero non tomou nin unha soa medida para pórle solución o problema a medio prazo.

Agora mesmo, o rematar estes equipos contratados por acumulación de tarefas volven a ser dous os equipos completos de valoración de Pontevedra e un máis conformado por persoal médico e de traballo social, o que fai prever un novo incremento nos tempos de agarda.

Ante a evidencia de que os equipos actuais non son suficientes o que compre é tomar medidas para solucionar o problema de raíz, non continuar a colocar medidas parciais, como son os reforzos temporais, que se demostran totalmente insuficientes e non resollen a situación.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a existencia dunhas listaxes de agarda de dous anos de media na valoración da discapacidade en Pontevedra?
2. Que medidas van adoptar para reducir estes tempos de espera?
3. Teñen previsto constituír novos equipos de valoración? De ser así, cantos e con que tipo de contratos?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Paula Vázquez Verao





Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 15/04/2019 13:33:44

Paula Vázquez Verao na data 15/04/2019 13:33:51

Marcos Cal Ogando na data 15/04/2019 13:33:55



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro. Coas dúas normas, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos e menor de 18, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre co fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Aínda que en 2015, os xulgados galegos incoaron máis de 2500 expedientes de reforma menos que en 2010, segundo a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia no ano 2015, as condenas por todo tipo de delitos graves contra as persoas téñense incrementado case no dobre. A realidade é que a Xunta de Galicia non ten prazas suficientes para acoller a estes menores condenados, hai poucos centros en Galicia e só 2 públicos. Así o reconece a propia Consellería de Traballo e Benestar, que reconece tamén que as instalacións están saturadas ante o substancial aumento nos últimos anos do número de adolescentes penados con medidas xudiciais. A estas privatización e saturación hai que engadir deficiencias nas instalacións, falta de persoal, precariedade laboral e convivencia de menores con diversas patoloxías.

Todo iso leva a que quede moi lonxe o obxectivo do desenvolvemento da autonomía integral e a reinserción social dos menores afectados. A non ser que, en realidade, ese non sexa o obxectivo do Goberno galego. Así, na medida 398 do programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019, dise literalmente: *“Reformaremos la Ley del Menor. Rebajaremos la edad de responsabilidad penal, en supuestos de especial gravedad o multirreincidencia. Potenciaremos el papel procesal de víctimas y perjudicados, y aumentaremos los plazos de prescripción y las medidas cautelares. Posibilitaremos la celebración de juicio en ausencia del menor, en caso de incomparecencia reiterada e injustificada.*



Aumentaremos las penas de internamiento y propiciaremos el ingreso en prisión en determinadas circunstancias al cumplirse la mayoría de edad”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Comparte o Goberno galego que a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, de 12 de xaneiro, debe ter como obxectivos primordiais a educación favorecedora da inserción social e familiar da crianza, o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social?
2. Cal é a opinión do Goberno con relación á medida 398 do programa electoral do PP para as eleccións xerais? É compartida?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 09:45:38

Noela Blanco Rodríguez na data 16/04/2019 09:45:44

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/04/2019 09:45:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/04/2019 09:45:55



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Un medio ambiente san é a base insubstituíble da nosa saúde e da nosa calidade de vida. A idea central da UE é que o desenvolvemento social e económico, así como o benestar humano, dependen da xestión sustentable dos recursos naturais do noso planeta. E é que a calidade ambiental é un dereito de toda a cidadanía e a súa protección unha obriga de todas as administracións, tal e como recolle a nosa CE de 1978. Así pois, a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade e a nova xestión da auga e dos residuos han de ser os retos da sociedade do futuro. Ou deberían selo.

Así, o programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019 só recolle 6 medidas (que ocupan media páxina) dedicadas ao medio ambiente nas que unicamente fala de residuos e de forma ben escasa e xenérica. Concretamente, estamos a falar das medidas 347 a 352, que, literalmente, din: *“Promoveremos un marco legal que permita incrementar las inversiones necesarias para continuar mejorando los sistemas de reciclado. Promoveremos envases más sostenibles con diseños más ligeros y respetuosos con el medio ambiente. Fomentaremos el reciclado de los envases en la industria agroalimentaria. Avanzaremos en la implantación de recogidas separadas sobre otros flujos de residuos, que continúan recogiéndose agrupados en la fracción resto, en especial la materia orgánica. Promoveremos en los Planes autonómicos de gestión de residuos criterios que prioricen la valorización de residuos, tanto energética como material, frente a su eliminación en vertederos. Armonizaremos los criterios, a nivel nacional, del impuesto/tasa para evitar el “turismo de los residuos” entre comunidades autónomas. Promoveremos una Estrategia integral para las zonas verdes y bosques periurbanos que faciliten su accesibilidad y disfrute y favorezcan las actividades vinculadas al medio ambiente para todos.”*

Só máis adiante o programa fala da auga (como se a auga non formase parte do medio ambiente), pero non recollendo unha política da auga que permita minimizar a vulnerabilidade da poboación e do medio ambiente, de acordo coa normativa europea e da aplicación do principio básico de precaución nin considerando que o noso actual modelo de xestión da auga se atopa en proceso de



revisión pola necesidade de axeitalo ao cambio climático e aos seus impactos. Nada de mudar en serio a gobernanza da auga para converter o dereito a seu acceso nun dereito humano, tal e como dispuxo a ONU no ano 2010.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende o Goberno galego que a protección da calidade ambiental é unha obriga de todas as administracións?
2. Cre o Goberno que os retos futuros dunha sociedade sustentable son xa a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade e a nova xestión da auga e dos residuos?
3. Parécenlle suficientes ao Goberno as seis medidas sobre medio ambiente que recolle o programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019?
4. Comparte o Goberno que é preciso mudar en serio a gobernanza da auga para converter o dereito a seu acceso nun dereito humano?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 09:49:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/04/2019 09:49:41

María Luisa Pierres López na data 16/04/2019 09:49:45



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Rosalía Crego Navarro, na súa obra “Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)” concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (...) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuito, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado “Florestas” en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da “Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo”, fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da profunda degradación do complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama?
2. Ten pensado o Goberno levar a cabo algunha actuación para remedar esta situación? Cando?
3. Estaría disposto o Goberno a se sentar nunha mesa para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental das Colonias Escolares de Covelo?
4. Ten coñecemento o Goberno das especies arbóreas da finca de máis de 40.000 metros cadrados que envolven os edificios das Colonias?
5. Sabe o Goberno se algunha desas especies son susceptibles de ser catalogadas como árbores senlleiras? Pensa catalogalas?

Pazo do Parlamento, 15 de abril de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/04/2019 09:55:20

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/04/2019 09:55:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/04/2019 09:55:31





María Luisa Pierres López na data 16/04/2019 09:55:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que o Sergas deixe de practicar o obstrucionismo co concello de Moaña e proceda de inmediato a construír o centro de saúde.

O concello de Moaña, con arredor de vinte mil habitantes, non dispón dun centro de saúde do Sergas, a atención sanitaria recíbena nun Centro Social do Mar, que foi adaptado para permitir a prestación sanitaria. Por iso levan anos demandando a construción dun centro de saúde que responda ás necesidades de asistencia sanitaria de calidade.

No 2011, cun Goberno do PP no concello, realizouse unha modificación parcial do PXOM onde se estableceu unha parcela de 2066 metros cadrados na zona de Sisalde para cubrir co que se precisaba de dotación sanitaria . En 2017 puxo en coñecemento da Consellería de Sanidade que ían poñer a disposición esta parcela para a construción do centro de saúde.

Unha parcela de 2066 m2 completamente edificábeis, con certificación urbanística que avala que permite unha edificabilidade de 7.750,76 m2. O concello púxose a traballar nos trámites urbanísticos, para urbanizar a zona e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permitir poñer a parcela a disposición da Xunta canto antes. Xa ten asinado un acordo coas persoas propietarias de Sisalde onde existe solo reservado para dotación sanitaria, segundo a ficha incluída no PXOM, e ten reservado no orzamento unha partida de 300.000 euros para proceder á construción da rúa para dar acceso á parcela.

A partir de aí empezan a xurdir os problemas por parte da Consellaría de Sanidade. A Directora de Recursos Económicos do SERGAS o 27 de marzo, remite escrito ao concello comunicando que a parcela proposta polo concello para construír o centro de saúde non é considerada axeitada. Reclama unha parcela de 3100 metros cadrados, baixo a xustificación de que o tamaño da mesma é “clave para non hipotecar o futuro do Centro de Saúde” e que “a tendencia xeral, é a de tentar realizar os Centros de Saúde de forma ideal nas menos plantas posibles, ou integramente en planta baixa”.

Chama poderosamente a atención esta posición por parte do Sergas, toda vez que en agosto de 2018 tiña comunicado que a previsión era construír un edificio de 1500 m2 por planta, e que a parcela de Moaña é a mesma que figura na aprobación parcial del PXOM de 2011 para dotación sanitaria, e a que prantexou naquela altura alcalde do Partido Popular José Fervenza, e a que nunca se lle puxera ningún problema.

Do mesmo xeito sorprende a referencia ao “Plan de Necesidades de Atención Primaria de Cangas-Moaña”, xa que a vinculación ao mesmo é rexeitado tanto polo Concello de Moaña como pola veciñanza, xa que conlevaría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perda de servizos básicos coma o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde.

Todo indica que estamos diante dunha política de sectarismo contra un concello polo feito de non estar gobernado polo Partido Popular, dunha manobra de dilación e obstrución por parte do Sergas para non dotar @s veciñ@s de Moaña do centro de saúde que precisan para poder recibir unha asistencia sanitaria de calidade.

Polas razóns expostas formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a razón para que por parte do Sergas se estean poñendo todo tipo de atrancos para non construír canto antes o Centro de Saúde que precisa o concello de Moaña?

-Cal é a razón pola que o SERGAS non procede a asinar un convenio co concello de Moaña que recolla a construción dun novo centro de saúde na parcela reservada no PXOM na zona de Sixalde de 2.066,87 m², e que polos parámetros urbanísticos vixentes permite unha edificabilidade de 7.750,76 m² segundo certifica o Arquitecto Municipal?

-Por que pretende vincular a dimensión do centro de saúde co “Estudio de necesidades sanitarias de Cangas e Moaña”, non compartido nin polo Concello nin pola veciñanza, pola implicación que conlevaría de perda de servizos básicos coma o P.A.C ou a odontoloxía no novo centro de Saúde?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a razón de que non se teña concedido a reunión urxente solicitada polo concello de Moaña co Conselleiro de Sanidade, na que poidan participar as persoas representantes das entidades membros da Mesa Local da Sanidade do Concello de Moaña, co obxecto de aclarar e resolver a situación actual, dada a necesidade de construción dun centro de saúde na nosa vila, cando si se ten reunido co portavoz do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2019 11:13:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2019 11:13:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/04/2019 11:13:11

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2019 11:13:13

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2019 11:13:14

Xosé Luis Bará Torres na data 16/04/2019 11:13:16





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

As Somozas é un concello do norte do País que dende hai tempo acumula en si unha boa parte dos refugallos de toda Galicia. Sologás, Sogarisa e Xiloga son tres das empresas de xestión de residuos instaladas neste concello e a plena actividade.

A economía circular e a bioeconomía son conceptos cada vez máis actuais pola necesidade social e tamén cada vez máis manidos e deturpados pola figuración política. Con todo a xestión de residuos, a súa efectividade e a reciclaxe é un tema que preocupa á poboación en xeral e en particular ós afectados dalgún xeito e con toda seguridade será tema central nun futuro moi próximo.

No concello das Somozas, dependendo de onde veña o aire o cheiro é insoportable. É posiblemente un cheiro infecto procedente da manipulación de lamas de depuración.

Este cheiro que aparentemente é o que máis molestias produce na poboación, é sen lugar a dúbidas o menos grave, porque os lixiviados baixan ladeira abaixo desde instalacións do Polígono industrial ata parar no río Mera, alá no fondo do val.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Periodicamente prodúcense incendios no vaso do vertedoiro algúns coma o de días pasados cunha columna de fume que se vía desde lonxe e que era insoportable. Este feito que nos atrevemos a dicir que non é fortuíto axuda a diminuír volumes e darlle máis capacidade ó vaso.

Pero a utilización sen control de lodos teoricamente estabilizados e tratados en parcelas agrícolas e a contaminación de acuíferos están presentes no temor de sectores da poboación deste concello.

O tema non é novo, anos atrás, no 2011 e no 2013 xa houbo denuncias pola indebida utilización dos chamados tecnosolos en parcelas agrícolas ou gandeiras a xeito de fertilizantes con resultados inquietantes nos solos agrarios e nos acuíferos.

É público que produtos coma o digestato e outros tipos, tecnosolos incluídos, están sendo utilizados en cultivos sen análíticas previas dos mesmos nin dos solos onde se van utilizar, tal e como marca a lei.

Dito todo isto, queda en evidencia que o concello das Somozas é un claro exemplo do que non se debe facer en materia de xestión de residuos pola concentración dos mesmos e polas irregularidades que nesta xestión se observan desde hai tempo sen que a Consellería e organismos pertinentes tomen cartas no asunto facendo coma que fan e ollando para outro lado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Sabem a Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia das irregularidades que en materia medioambiental se están cometendo no concello das Somozas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Realiza a citada Consellería inspeccións periódicas nas empresas xestoras de refugallos e nos produtos que de alí saen?

--Que tipo de actuacións, controis, analíticas etc. realizou Augas de Galicia no concello das Somozas derivadas das denuncias medioambientais efectuadas nos últimos catro anos?

--Ten tomado ou pensa tomar o goberno galego algunha medida para dar solución ás irregularidades que dan pé á intranquilidade da poboación do Concello das Somozas?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/04/2019 11:30:23

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2019 11:30:27

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2019 11:30:29

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2019 11:30:30

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2019 11:30:31

Xosé Luis Bará Torres na data 16/04/2019 11:30:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao potenciamento do noso sector audiovisual.

No noso audiovisual, sen dúbida un dos sectores estratéxicos máis importantes da cultura galega, hai por primeira vez catro xeracións distintas en activo traballando. Ou cando menos, hai xente que leva creando corenta anos xa que comezaron a súa andaina nos oitenta.

O sector foi profesionalizándose paseniño e as políticas foron variando. É importante ter en conta que a TVG comezou sendo, sen dúbida, un motor da industria dos contidos, dándolle cabida a unhas produtoras e deixando á marxe a outras. Pero con distintas varas de medir e sen igualdade de oportunidades.

Neste Parlamento, falouse en moitas ocasións de sentimento de orgullo do audiovisual galego, pero o sector fai fincapé en que cada vez son máis os produtos que non dependen da CRTVG malia estar subvencionados pola AGADIC.

Despois de catro décadas, o sector non só está maduro, senón que acada un merecido recoñecemento internacional. Hai moita diversidade e moito talento. Pero non existe claridade e transparencia no noso país. E inadmisíbel que non se coñeza documento ningún que recolla as liñas estratéxicas da política audiovisual





do PP en xeral, da Axencia de Industrias Culturais en particular e que se incumpra a lei na CRTVG.

Se facemos comparativas con outras CCAA, constatamos que é certo o das comparacións odiosas: aínda tendo máis habitantes en Galicia (2,7 millóns de habitantes) que en Euskadi (2.194158 habitantes), por poñer un exemplo de dúas Comunidades con Lingua propia, o orzamento destinado a investir nas producións de polo menos un 5% da cifra total de ingresos, en Galicia non se cumpre e en Euskadi si.

“Coa finalidade de fomentar a creación e promoción do audiovisual do país, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), conta na actualidade con varias liñas de axudas entre as que se atopan as destinadas a **‘producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego’**, **‘creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego’**, subvencións para a celebración de **‘festivais do sector audiovisual’**, e axudas á **‘promoción e difusión do cine galego en festivais e mostras de cine de prestixio nacional e internacional que se celebren fóra de Galicia’** que permiten que pezas audiovisuais galegas viaxen -como sucedeu nos últimos anos- ata festivais como a Berlinale (Alemaña), o Shangai International Film Festival (China), Karlovy Vari (República Checa), Biennale de Venecia (Italia), Sundance e New York (Estados Unidos), IDFA de Amsterdam (Países Baixos), BAFICI de Bos Aires (Arxentina), Locarno (Suíza), Toronto e Hot Docs (Canadá), Festival Internacional de Cine de Xixón, San Sebastián, Festival de Cine Español de Málaga, Semici de Valladolid, Sitges ou o Festival de Cine Europeo de Sevilla.

Para centrar e defender demandas concretas do sector, poñer en marcha liñas de traballo comúns, levar a cabo propostas e defensa de intereses, trazar liñas formativas e de desenvolvemento de actividades ou a organización de premios e





entrega de recoñecementos, o audiovisual galego atópase agrupado en diversas entidades sectoriais. Entre as principais atópanse a **Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)**, **Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual (AEGA)**, **Clúster Audiovisual Galego (CLAG)**, **Academia Galega do Audiovisual (AGA)**, **Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG)**, **Asociación de Profesionais da Dirección e a Realización de Galicia (CREA)**, **Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)**. Ademais, algunhas das que están constituídas a nivel estatal tamén teñen un papel moi activo no día a día do audiovisual en Galicia, como pode ser o caso da **Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA)** ou **Artistas Intérpretes, Sociedade de Xestión (AISGE)**.

Despois de que varias destas asociacións profesionais traballasen durante algún tempo de forma conxunta e continuada en accións e proxectos para fomentar a igualdade nas artes escénicas e no audiovisual, construíron tamén o **Observatorio de Igualdade das Artes Escénicas e do Audiovisual de Galicia**. O feito de que dez asociacións que aglutinan practicamente a totalidade de ámbitos profesionais do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia se unisen para traballar de xeito conxunto arredor desta cuestión foi destacado no seu momento como “un feito histórico sen parangón a nivel estatal”.

Polo alcance das súas mensaxes e capacidade de influír nos idearios colectivos, **a cultura semella ser a perfecta aliada para ofrecer unha imaxe plural, igualitaria e non estereotipada de homes e mulleres no cinema, televisión, publicidade, medios de comunicación... e, concretamente, o audiovisual convértese nun espazo fundamental para poder comezar a construír”**.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:





- A que se debe a pasividade da AGADIC á hora de solicitar da CRTVG que programe cine galego ou de potenciar o talento das novas xeracións?
- Por que non se chega a acordos coa CRTVG para programar, entre outras, as producións subvencionadas pola Axencia?
- Non cren que aumentaría a audiencia exponencialmente e o recoñecemento do sector?
- Non considera a dirección da AGADIC que a ausencia de contidos audiovisuais das novas xeracións provocan que cada vez os creadores/as teñan menor relevancia para a cidadanía máis nova?
- O recoñecemento internacional é obvio, pero se o audiovisual estivese normalizado, non consideran que tería moitos máis éxitos?
- Por que se negan a dar máis oportunidades á creación?
- Cando se van coñecer as liñas estratéxicas da Axencia Galega de Industrias Culturais?
- Cren que están potenciando os programas de investigación e desenvolvemento cultural, mellorando a calidade e diferenciación dos produtos, a axilidade no servizo prestado e a creación de valor engadido na economía dixital?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.






Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/04/2019 13:31:12

Luca Chao Pérez na data 16/04/2019 13:31:20





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

